



Plan LIA 2021-2025

UN SETESTRELO PARA AS BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

Antecedentes e xustificación

No ano 2010, o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria presentaba no Parlamento de Galicia o Plan LIA 2010/2015 de bibliotecas escolares para a Lectura, a Información e a Aprendizaxe, co que se pretendía dar resposta ás necesidades de avance que neste terreo se viñan manifestando, logo dun período de iniciativas da consellería en relación coas bibliotecas escolares e o fomento da lectura no ámbito educativo, iniciadas en setembro de 2003 coa creación da asesoría de bibliotecas escolares.

Este Plan LIA buscaba a integración de todas as actuacións da consellería a prol das bibliotecas escolares para a mellora das **competencias de lectura, escritura e habilidades investigadoras e de uso da información do alumnado galego**.

O Plan tivo a súa continuidade nunha segunda fase, o Plan LIA 2016/2020. Logo do seu correspondente informe de resultados, e unha vez analizados logros e ámbitos de actuación que precisan reforzo tras estas dúas primeiras fases do Plan LIA, no período 2010/2020, cómpre agora abordar unha terceira fase, que implica a actualización dos obxectivos e liñas prioritarias de actuación que garantan a presenza estable de bibliotecas escolares en todos os centros educativos galegos de nivel non universitario, como recurso imprescindible para o desenvolvemento dos currículos e que, ao mesmo tempo, amplíe a experiencia de lectura e de acceso aos bens culturais de toda a poboación escolar galega e facilite a abordaxe dos cambios que as novas dinámicas sociais e educativas demandan.

Como resultado das iniciativas e recursos postos en xogo pola administración educativa galega, así como do traballo das comunidades educativas, as bibliotecas escolares galegas obteñen puntuacións superiores á media estatal na meirande parte das dimensións contempladas no informe estatístico *Bibliotecas Escolares en España*¹ que cada catro anos se realiza, con carácter censal, dentro do *Plan Estadístico*

¹<https://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/estadisticas/no-universitaria/centros/bibliotecas.html>

Nacional, coordinado pola Subdirección General de Estadística y Estudios del Ministerio en cooperación cos servizos estatísticos das Consellerías/Departamentos de Educación das Comunidades Autónomas e coa colaboración da Comisión Técnica de Bibliotecas Escolares.

Prácticamente en todos os ítems, Galicia supera ao conxunto das CCAA e á media estatal, pero son moi significativos os resultados naqueles puntos nos que se pregunta sobre **a actividade da biblioteca escolar**, como se pode ver nesta táboa:

ENSEÑANZAS NO UNIVERSITARIAS / CENTROS / BIBLIOTECAS ESCOLARES / CURSO 2019-2020 / RESULTADOS POR COMUNIDAD AUTÓNOMA

USO Y USUARIOS. ACTIVIDADES

5.5. Porc. de centros que utiliza la biblio. para la realización de actividades por titularidad/tipo de centro, comunidad autónoma y actividad.

Unidades: Porcentaje de centros



Tabla	Gráfico	Mapa														
	De enseñanza y aprendizaje para apoyar el desarrollo del currículo	Actividades de Fomento de la lectura	Clubes de lectura virtuales	Clubes de lectura presenciales	Actividades relacionadas con el tratamiento de la información y competencia digital	Formación de usuarios	Actividades STEAM (2)	Actividades específicas de atención a la diversidad	Actividades de igualdad de género	Actividades culturales y encuentros literarios	Actividades con la participación de las familias	Cine fórum	Programas de radio escolar	Conferencias o seminarios	Otras actividades	
TOTAL CENTROS																
TOTAL	73.9 ¹	77.6 ¹	3.3 ¹	20.8 ¹	24.4 ¹	34.9 ¹	9.0 ¹	26.4 ¹	46.2 ¹	50.9 ¹	37.8 ¹	8.1 ¹	7.7 ¹	17.3 ¹	37.0 ¹	
Galicia	83.9 ¹	87.8 ¹	2.2 ¹	41.7 ¹	53.5 ¹	67.9 ¹	34.2 ¹	48.8 ¹	78.9 ¹	70.7 ¹	52.6 ¹	14.3 ¹	16.1 ¹	33.1 ¹	53.8 ¹	

Finalmente, saber para que se utilizan as bibliotecas escolares en Galicia resume aos resultados das fases anteriores do Plan LIA en todas as súas iniciativas e programas (para unha correcta interpretación destes estudos cómpre lembrar o seu carácter censal, é dicir, que son datos referidos ao conxunto dos centros educativos galegos das tipoloxías incluídas na estatística). Cando só se extraen os resultados do conxunto dos centros públicos, a imaxe que obtemos é máis axustada á realidade que se vive neste tipo de centros (aínda incluíndo centros non integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares), como se reflicte na seguinte táboa:

ENSEÑANZAS NO UNIVERSITARIAS / CENTROS / BIBLIOTECAS ESCOLARES / CURSO 2019-2020 / RESULTADOS POR COMUNIDAD AUTÓNOMA

USO Y USUARIOS. ACTIVIDADES

5.5. Porc. de centros que utiliza la biblio. para la realización de actividades por titularidad/tipo de centro, comunidad autónoma y actividad.

Unidades: Porcentaje de centros



Tabla	Gráfico	Mapa														
	De enseñanza y aprendizaje para apoyar el desarrollo del currículo	Actividades de Fomento de la lectura	Clubes de lectura virtuales	Clubes de lectura presenciales	Actividades relacionadas con el tratamiento de la información y competencia digital	Formación de usuarios	Actividades STEAM (2)	Actividades específicas de atención a la diversidad	Actividades de igualdad de género	Actividades culturales y encuentros literarios	Actividades con la participación de las familias	Cine fórum	Programas de radio escolar	Conferencias o seminarios	Otras actividades	
CENTROS PÚBLICOS																
TOTAL	77,2 ¹	80,9 ¹	3,6 ¹	21,4 ¹	25,4 ¹	37,9 ¹	9,5 ¹	26,9 ¹	51,8 ¹	54,6 ¹	40,2 ¹	8,1 ¹	8,4 ¹	17,4 ¹	38,5 ¹	
Galicia	86,1 ¹	90,8 ¹	2,2 ¹	44,8 ¹	59,0 ¹	75,0 ¹	38,1 ¹	52,2 ¹	85,8 ¹	74,6 ¹	56,8 ¹	15,5 ¹	17,1 ¹	36,2 ¹	56,1 ¹	

Os datos amosan que as bibliotecas escolares galegas e máis concretamente as dos centros públicos, despuntan e destacan no conxunto do estado ao estar á cabeza en canto espazos que se empregan para a aprendizaxe, que apoia o desenvolvemento do currículo; nas que se realizan actividades relacionadas co tratamento da información e a competencia dixital, ou coa formación de usuarios/as, e tamén as actividades específicas de atención á diversidade e igualdade de xénero. Ademais conta tamén coa maior porcentaxe de centros con equipamento e mobiliario adaptado ao alumnado con necesidades específicas (postos de lectura, mobiliario...).

Para contextualizar a importancia dun documento de planificación como este Plan LIA de bibliotecas escolares, cómpre lembrar que neste primeiro terzo do século XXI, a “cultura da información” se pode definir en relación co acceso aos medios (mellora nas telecomunicacións, maior facilidade de acceso a dispositivos móbiles, novos servizos e canles de acceso); tamén en relación ás prácticas culturais (acceso ao mundo dixital desde moi novos, aprendizaxe informal a través dos medios, presenza nas redes sociais, prácticas privadas e globalizadas, produción de contido na rede, tendencia á interacción e á difusión de contidos e cambios na percepción da privacidade; e por último, en relación coas prácticas informativas (conectividade permanente, uso de internet como fonte única de acceso, afastamento dos medios informativos tradicionais, aprecio polos medios de información “informais”, desexo de resposta inmediata, selección limitada de fontes, valoración da información entre iguais, apropiación directa dos contidos percepción de autonomía e seguridade)².

Obviamente, os cambios introducidos na sociedade pola incorporación do fenómeno dixital en todos os ámbitos da vida e as tendencias de relación e de comunicación que se van asentando nos individuos e nas colectividades afectan directamente aos sistemas educativos, que deben atopar respostas eficaces.

Analizados os datos recollidos no informe "*Pegadas dunha viaxe. Traxectorias e futuros das bibliotecas escolares de Galicia*" publicado³ por esta consellería en 2020, grazas á

²Mónica Baró, Encontros PLAMBE 2015/2016

³<https://libraria.xunta.gal/es/pegadas-dunha-viaxe-traxectorias-e-futuros-das-bibliotecas-escolares-en-galicia>

colaboración co grupo de investigadoras externas coordinado por Inés Miret, recóllense algúns resultados e propostas⁴ que guían a elaboración desta nova fase do Plan LIA de bibliotecas escolares:

A estratexia xeral de implantación do Programa de bibliotecas escolares en Galicia baséase na convivencia de dúas liñas de acción simultáneas e complementarias:


– *Por unha banda, a creación dunha rede conformada por unha selección de centros (centros PLAMBE) onde se van probando e implantando paulatinamente as iniciativas máis avanzadas e esixentes en canto a recursos e implicación dos equipos.*

– *En paralelo, a xeneralización dunhas condicións de base para a mellora das bibliotecas en todos os centros educativos (pax. 38-39).*



Cadro 5. Modelo dual de implantación

Logros no modelo de implantación "incremental", nos centros PLAMBE. A destacar, rematado 2020, o 83% dos centros de primaria, o 75% dos centros de secundaria, o 75% dos CPI, o 67% dos CEIPs (completos) ou 46% dos CRA teñen a súa biblioteca na rede PLAMBE, o que significa que é unha biblioteca actualizada e "saneada", adaptada ás novas necesidades educativas (Grafico pax. 48)



Cadro 8. Porcentaxe de centros PLAMBE sobre o total de centros públicos, por tipo de centro

⁴Ao final deste documento engádese como anexo un resume deste informe.

A rede medra non só en número de centros senón tamén en densidade cualitativa, no sentido de que incorpora cada vez máis bibliotecas que levaron a cabo transformacións máis profundas e permanentes. Co obxectivo de visibilizar estes centros e estas bibliotecas, estableceuse a distinción centros LIA.2.

Estes centros destacan por incorporar proxectos interdisciplinarios, por dispoñer dun espazo suficiente que puidese ser remodelado, por levar a cabo experiencias de colaboración entre os equipos docentes e o equipo directivo, por contar cun equipo de biblioteca estable e por situarse, preferentemente, nunha zona rural. Estes centros son acompañados na realización das melloras necesarias para que poidan configurarse como centros «faro»: reformas do espazo para albergar novas funcións e usos, dotacións especiais de equipamento etc. Pola súa banda, os centros adquiren o compromiso de transferir as súas prácticas e as súas experiencias nas distintas contornas de formación, e tamén se comprometen a elaborar pezas de difusión en vídeo (pax. 49).

O lanzamento de programas permitiu mobilizar cambios nas bibliotecas escolares centrándose, paulatinamente, en asuntos concretos. Calquera dos programas involucra novas prácticas, pon en discusión outras e busca camiños para integralas no proxecto da biblioteca (pax. 50).

O símil da tea de araña asimétrica pode ser expresivo de tres características que constitúen a Rede de bibliotecas escolares galegas:

- A centralización, en canto ao rol da Asesoría na súa configuración e mantemento.*
- A diversidade, en relación coa variedade de estratexias que mobilizan transformacións e oportunidades de traballo en rede.*
- A versatilidade, en tanto que se abren numerosas oportunidades que cada centro pode adoptar ou non en función da súa situación e características (pax. 77).*

Os logros obtidos ata o momento e o elevado nivel alcanzado polas bibliotecas escolares de Galicia indican, por unha banda, o grao de consolidación dun proxecto pioneiro en España que debería ter a continuidade garantida e, por outro, demostran que as políticas educativas deben formularse a longo prazo e, sempre que se acompañen de resultados, manterse activas (pax. 86)

Aínda que a rede ten unha cobertura destacable (o PLAMBE integra o 83 % dos colexios de educación primaria e o 75 % dos institutos de educación secundaria públicos), o seu crecemento debería basearse nun modelo de implantación semellante ao que se seguiu ata agora: implantación dual e implantación incremental (é dicir, mediante un apoio mantido no tempo por medio de recursos económicos, operativos e pedagóxicos). Ambas as formas de articular as políticas deron resultados positivos na configuración da rede, e a súa continuidade permitiría estender e profundar nos logros (pax. 288-289)

Quizais, para o futuro, poida pensarse nun reequilibrio da formación arredor das novas lecturas e os efectos na construción dunha sociedade de lectores autónomos e críticos. Por outra banda, ao xogar con estes catro elementos poderíanse ofrecer rutas de formación diversificadas en función de intereses e proxectos diferentes (pax. 290)

Un dos factores que se desvelou fundamental na investigación foron os equipos humanos sobre os que descansa o proxecto da biblioteca, a súa formación, implicación e compromiso.

Como se indicou, a existencia de equipos arredor da biblioteca supón unha vantaxe para os proxectos, pero esixe un esforzo adicional e ás veces complexo de coordinación. A existencia destes equipos e a existencia mesma da biblioteca escolar debe estar apoiada na garantía ineludible dunhas condicións profesionais para a persoa responsable que os estudos internacionais sinalan como imprescindibles: perfil, funcións, posto, dedicación e formación (pax. 291)

Os retos da formación de lectores críticos como un modo de construír cidadanía deben ser unha prioridade política de primeira orde. Recoñecer o papel da lectura como unha das portas de inclusión á vida social e cultural á que todas as persoas deben acceder como un dereito democrático compromete ineludiblemente os gobernos no seu compromiso político presente e futuro (pax. 292)

Esta terceira fase do Plan LIA 2021/2025 de bibliotecas escolares acada o formato dunha constelación de sete puntos de atención, que imitan as sete estrelas que configuran a constelación da Osa Maior, tradicionalmente coñecida coma O Setestrello. **Estes sete puntos estelares constitúen os grandes ámbitos de actuación a prol das bibliotecas escolares e o fomento da lectura nos centros de ensino de Galicia.**

Plan LIA 2021/2025 de Bibliotecas Escolares

Lectura, Información e Aprendizaxe continúan a ser os ámbitos de actuación da biblioteca escolar e dan nome a este novo plan de actuación estruturado do seguinte xeito:

- **Obxectivos xerais:** as grandes finalidades do Plan LIA de bibliotecas escolares que conectan os logros acadados até o momento cos retos pendentes e as novas necesidades.
- **Sete puntos estelares:** identifícanse 7 ámbitos ou áreas nos que cómpre traballar para avanzar na consecución dos obxectivos xerais deste novo Plan LIA de bibliotecas escolares.
- **Liñas de actuación e algunhas medidas concretas:** Para cada un destes sete desafíos, e sempre con vistas á consecución dos obxectivos finais, recóllense as principais liñas de acción xa iniciadas, ás que se lles dá continuidade, e outras iniciativas novas que cómpre poñer en marcha; detállanse algunhas medidas concretas a modo de exemplo.

Obxectivos xerais

- Dotar os centros educativos de bibliotecas escolares útiles, estables, sustentables e acordes ás necesidades do século XXI.
- Avanzar na consecución dunha biblioteca escolar inclusiva.
- Conseguir melloras significativas na comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos textos e imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica en toda a poboación escolar galega.
- Apoiar a adquisición das competencias clave do alumnado e contribuír a un maior logro académico, mellores resultados e actitudes de aprendizaxe.

- Reforzar as bibliotecas como puntos estratéxicos do sistema educativo para acceder ás aprendizaxes na era dixital e como referentes para unha cidadanía activa, axudando a conformar e definir unha identidade dixital segura e confiable para todos os membros da comunidade educativa.
- Facilitar ao profesorado recursos, servizos e oportunidades para a renovación das prácticas educativas, a incorporación de metodoloxías activas e a integracións das tecnoloxías emerxentes, de maneira segura e responsable.
- Incentivar o uso das bibliotecas escolares por parte das comunidades educativas, de forma que aproveiten os espazos, recursos e servizos para a vivencia dos valores de cidadanía e para a construción do coñecemento individual e compartido.
- Contribuír á construción da sociedade lectora, ofrecendo oportunidades para experiencias lectoras de calidade entre os distintos sectores da comunidade educativa.

O Setestrelo: sete puntos estelares para as bibliotecas escolares 2021-2025

A configuración do Setestrelo para as bibliotecas escolares responde ao interese e á finalidade de mellora continuada no tempo, consolidando os bos resultados obtidos nos plans e iniciativas anteriores e reforzando a calidade de todas iniciativas e programas en beneficio sempre da formación que se ofrece ao alumnado galego.

No cadro seguinte resúmense estes puntos estelares ou grandes ámbitos de actuación que as bibliotecas escolares galegas deberán enfrontar nos próximos anos:

Punto estelar	Ámbito de actuación	Liñas de acción prioritarias
1	Rede de bibliotecas escolares de Galicia (BEGA)	<i>Procurar a implantación do PLAMBE en toda a rede galega de centros non universitarios, con especial atención ao ámbito rural.</i>
		<i>Continuar coa atención ás necesidades das bibliotecas escolares en materia de recursos normativos, humanos e materiais, e levar a cabo a renovación do programa informático de xestión técnica.</i>
		<i>Reforzar o carácter de Rede das bibliotecas escolares establecendo nós xeográficos (nanorredes), estratexias de acompañamento intercentros e propostas de colaboración puntuais, aproveitando as experiencias das microrredes xa existentes.</i>
		<i>Ampliar a plataforma de lectura dixital E-LBE.2, en distintas fases, a todos os centros da rede de bibliotecas escolares de Galicia.</i>

Punto estelar	Ámbito de actuación	Liñas de acción prioritarias
2	A biblioteca social	<i>Incidir no enfoque inclusivo e na potencialidade da biblioteca escolar como factor de compensación social e de equidade.</i>
		<i>Continuar co desenvolvemento do programa de "Biblioteca inclusiva".</i>
		<i>Reforzar as iniciativas integradas no programa "Bibliotecas Escolares Solidarias" como oportunidades para o desenvolvemento persoal, social e cultural do alumnado mediante a súa participación activa</i>
		<i>Ofrecer ás comunidades educativas o acceso aos bens culturais así como os recursos tecnolóxicos das bibliotecas dos centros, que poden contribuír á construción dunha cidadanía dixital.</i>
		<i>Contribuír á consecución dos Obxectivos 2030 de equidade, calidade, dixitalización e inclusión, así como a promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todas e todos.</i>

Punto estelar	Ámbito de actuación	Liñas de acción prioritarias
3	Redes de acción, colaboración, avaliación e comunicación	<i>Establecer e reforzar redes de colaboración con bibliotecas públicas e outros axentes sociais con influencia na construción da sociedade lectora</i>
		<i>Continuar a fomentar unha cultura de avaliación, promovendo o deseño, realización e comunicación de estudos que describan a realidade da propia Rede, así como das iniciativas e programas que se levan a cabo.</i>
		<i>Realizar un estudo sobre a contribución das bibliotecas escolares na adquisición das competencias ALFIN/AMI no alumnado.</i>

Punto estelar	Ámbito de actuación	Liñas de acción prioritarias
4	Bibliotecas creativas LIA.3	<i>Avanzar no modelo de biblioteca escolar deseñada como laboratorio creativo de aprendizaxes aberto a toda a comunidade escolar, na que cobren presenza os multialfabetismos, a creatividade, a expresión, a comunicación e a colaboración como garantes dunha formación adaptada ás necesidades do século XXI.</i>
		<i>Reforzar o programa de biblioteca creativa para promover a evolución das bibliotecas escolares como espazos creativos de aprendizaxe, fornecidos de múltiples recursos e orientación para utilízalos.</i>
		<i>Promover a creación de bibliotecas LIA.3 que ofrezan modelos de excelencia como estímulo e orientación para outras comunidades educativas, dando así continuidade ao proxecto Centros LIA.2.</i>

Punto estelar	Ámbito de actuación	Liñas de acción prioritarias
5	Lectura	<i>Favorecer máis e mellores experiencias de lectura a todos os integrantes da comunidade escolar.</i>
		<i>Promover a evolución dos Proxectos Lectores nos centros como recursos para a planificación de iniciativas a prol da lectura, a escritura e os multialfabetismos desde as bibliotecas escolares, en relación estreita coas áreas e materias do currículo escolar.</i>
		<i>Continuar e enriquecer os programas que abeira a “Hora de Ler”, nomeadamente os Clubs de Lectura, prestando especial atención aos colectivos que máis o precisan, á participación das familias e á incorporación da lectura dixital.</i>

Punto estelar	Ámbito de actuación	Liñas de acción prioritarias
6	ALFIN/AMI	<i>Deseñar programas nos que as bibliotecas se reforcen como espazos educativos onde o alumnado aprende as capacidades e actitudes para traballar coa información, así como para a creación de coñecemento colaborativo a través dunha gama diversificada de ferramentas tecnolóxicas para a creación, representación e comunicación de información en diversos formatos.</i>
		<i>Reforzar os programas que inciden na Alfabetización Mediática e Informacional do alumnado, como Radio na Biblio e Biblioteca Creativa, con propostas que promovan o coñecemento e un uso responsable da información en múltiples formatos.</i>
		<i>Iniciar un programa de educación audiovisual desde a biblioteca escolar, aproveitando a experiencia de boas prácticas xa existentes nalgunhas bibliotecas escolares do proxecto LIA.2 e os bos resultados do programa Radio na biblio.</i>

Punto estelar	Ámbito de actuación	Liñas de acción prioritarias
7	Formación e contribución á innovación metodolóxica	<i>Contribuír á formación do profesorado co deseño e desenvolvemento de propostas formativas e iniciativas que favorezan o emprego dos recursos e servizos da biblioteca escolar no desenvolvemento das prácticas cotiás dos centros de ensino.</i>
		<i>Proporcionar apoio preferente ás metodoloxías activas e colaborativas, centradas en ofrecer ao alumnado espazos educativos, recursos e experiencias de aprendizaxe inclusivas e equitativas.</i>

Liñas de actuación e medidas concretas (en relación cos ámbitos identificados e agrupados nos sete puntos estelares do Setestrelo para as bibliotecas escolares 2021-2025)

1. Rede de bibliotecas escolares de Galicia (BEGA).

Cómpre continuar a renovación da rede de bibliotecas escolares de Galicia, de xeito que o 100% do alumnado teña acceso nos seus centros de ensino a bibliotecas configuradas como espazos de aprendizaxe físico e dixital onde a lectura, a consulta, a investigación, o pensamento, a comunicación, a imaxinación, a creatividade e a colaboración sexan fundamentais para que o alumnado aprenda a transformar a información en coñecemento, saiba compartilo e contribúa ao seu desenvolvemento persoal, social e cultural. É ben certo que os datos recollidos nos diversos estudos estatísticos realizados nestes últimos anos en colaboración co Ministerio de Educación⁵, o Informe do Consello Escolar de Galicia sobre as bibliotecas escolares (2016)⁶, así como o recente estudo "*Pegadas dunha viaxe. Traxectorias e futuros das bibliotecas escolares de Galicia*" (2021)⁷ ofrecen un panorama alentador respecto do

⁵Accesible en <https://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/estadisticas/no-universitaria/centros/bibliotecas.html>

⁶Accesible en http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/as_bibliotecas_escolares_de_galicia_doc_final-2017-04-07.pdf

⁷Accesible en <https://libraria.xunta.gal/es/pegadas-dunha-viaxe-traxectorias-e-futuros-das-bibliotecas-escolares-en-galicia>

traballo realizado até o momento. Aínda así, cómpre tomar medidas que aseguren a estabilidade e a continuidade das bibliotecas escolares no sistema educativo galego, así como reforzar o nivel de excelencia acadado por un importante número de bibliotecas, un dos sinais de identidades deste sistema. Con estas finalidades é preciso continuar con algunhas das iniciativas xa en marcha e reforzalas con novas accións:

- 1.1. Ampliar, na medida do posible, os **orzamentos** destinados á actualización da Rede de bibliotecas escolares de Galicia.
- 1.2. Procurar a implantación do **Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares** (PLAMBE) na totalidade dos centros escolares de Galicia cunha especial atención aos centros de ámbito rural e poboación máis dispersa. A estes efectos, continuar coas convocatorias anuais do PLAMBE (coas adaptacións pertinentes), un programa que facilita a renovación do modelo de biblioteca escolar, dos seus equipamentos básicos e das súas actividades, para cubrir as necesidades da totalidade da rede pública de centros; continuar, así mesmo, coa liña de axudas para os centros de titularidade privada concertada, xa iniciada no curso 2016/2017. Cómpre garantir que todas as nenas e nenos galegos medren e se formen en centros con bibliotecas escolares útiles, actualizadas, creativas, plurais e adaptadas aos tempos sociais e educativos.
- 1.3. Incorporar a totalidade dos centros PLAMBE á nova **plataforma de xestión informatizada das bibliotecas escolares da Xunta de Galicia**, en colaboración con AMTEGA, en distintas fases. Na medida do posible, atender neste período que remata en 2025 as necesidades presentadas por centros non integrados no PLAMBE, tanto de titularidade pública como centros privados concertados.
 - 1.3.1. Facer **seguimento da atención técnica** á Rede de bibliotecas escolares a través do Centro de Atención a Usuarios-Periférico, para a solución dos problemas técnicos derivados do uso da plataforma de xestión informatizada garantida pola Xunta de Galicia.
- 1.4. **Ampliar a plataforma de lectura dixital E-LBE.2**, en distintas fases, a todos os centros da rede de bibliotecas escolares de Galicia, tamén en colaboración

con AMTEGA. Así mesmo estudaranse novas propostas e requisitos, e funcionalidades de xestión e uso.

1.5. Continuar coa atención ás necesidades das bibliotecas escolares en materia de recursos normativos, humanos e materiais.

1.5.1. Incorporar a biblioteca escolar á **normativa** educativa que se desenvolva nos vindeiros anos, así como aos documentos organizativos dos centros, en liña coas instrucións de principios de curso da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, publicadas anualmente desde o ano 2014, e as orientacións e modelo impulsado polas diversas convocatorias do Plan de mellora de bibliotecas escolares.

1.5.2. **Garantir a presenza da biblioteca escolar no Regulamento Orgánico dos Centros:** normativa específica sobre o modelo a seguir, atendendo ás particularidades dos distintos centros, equipamento e dotación mínimos, funcións, organización, medios materiais e humanos, xestión, funcionamento, avaliación, etc. Do mesmo modo, garantir que se recolla a súa presenza e as condicións para o seu funcionamento nos documentos orgánicos dos centros (PXA, Memoria, etc.).

1.5.3. **Asegurar a existencia dun equipo de biblioteca** en todos os centros integrados no PLAMBE, configurado por docentes de distintas áreas de aprendizaxe, niveis ou departamentos, coordinado por un docente con perfil axeitado para os labores que lles son propios. Nestes equipos reside boa parte das características propias do programa galego de bibliotecas escolares e dos resultados obtidos até o momento.

1.5.4. **Explorar as posibilidades para a inclusión do posto de** coordinador/a do equipo de biblioteca ou responsable de biblioteca nos centros de ensino, iniciando unha fase de pilotaxe cun número limitado de centros no período 2022-2025.

1.5.5. Asociado ao anterior, desenvolvemento dun sistema de acreditación con recoñecemento da formación e a experiencia do profesorado en materia de bibliotecas escolares, competencias ALFIN/AMI, fomento da lectura e competencia dixital.

1.6. Mellora dos recursos de apoio para toda a Rede de bibliotecas escolares (aumento dos recursos humanos e outros) para atender de forma axeitada da

Rede de bibliotecas escolares e asegurar a estabilidade dos programas, **con especial atención ás asesorías-enlace**, distribuídas de forma que se cubra con eficacia o territorio galego, dependentes funcionalmente da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e integradas na propia Asesoría de bibliotecas escolares (xunto co persoal localizado nos servizos centrais), como garante dunha atención de proximidade aos centros no desenvolvemento das distintas iniciativas incluídas no Plan LIA 2021/2025.

- 1.6.1. Creación dun **Servizo de Bibliotecas Escolares** dependente da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos (como evolución natural da actual Asesoría de bibliotecas escolares, que vén realizando as funcións como tal servizo desde 2003).
- 1.6.2. **Reforzar o carácter de Rede** das bibliotecas escolares establecendo nós xeográficos, nanorredes locais, estratexias de acompañamento intercentros e propostas de colaboración puntuais, aproveitando as experiencias das microrredes xa existentes.
- 1.6.3. Creación dun grupo de apoio á Asesoría de bibliotecas escolares, formado por profesorado con experiencia para **coordinar as nós de rede territoriais** e acompañar ao profesorado das bibliotecas con menor experiencia (a través de programas específicos).
- 1.6.4. Vinculado ao punto anterior, crear un servizo de "*As Bibliotecas escolares responden*", ou semellante, aproveitando as ferramentas dixitais, que permitise dar resposta colaborativa a dúbidas formuladas polos equipos de biblioteca no desenvolvemento de proxectos ou iniciativas nos centros (como xa se vén facendo no grupo de correo-PLAMBE, pero mellor sistematizado).
- 1.6.5. Promover o acompañamento entre centros, coa creación de nanorredes como unha fórmula que permite avances significativos aos centros con menor experiencia ou formación, guiados por equipos con boas prácticas, o que redunda nun beneficio mutuo.
- 1.6.6. Relacionado co anterior, publicar unha **convocatoria de apoio a centros de ensino secundario, nunha proposta de acompañamento entre un centro experimentado e un centro en fase inicial**, durante dous cursos como mínimo, con obxectivos concretos de mellora nos distintos ámbitos

(xestións das transformacións cara un modelo máis acorde ás novas necesidades, organización, planificación e desenvolvemento de actividades en materia de lectura e de educación informacional e mediática, así como avaliación de resultados (**Programa Xuntos+**).

- 1.6.7. Consolidar e mellorar os **instrumentos que facilitan a participación, a colaboración e o intercambio** entre o profesorado responsable das bibliotecas escolares nos centros. Entre outros, crear un repositorio, vinculado á páxina de Bibliotecas Escolares de Galicia, no que se recollan os materiais elaborados polos centros do Plan de mellora de bibliotecas escolares, co fin de mellorar o acceso a estes materiais e renovar a páxina web de Bibliotecas Escolares de Galicia.
- 1.6.8. Establecer un equipamento de carácter básico para os centros de nova creación, dando continuidade e sistematizando ás axudas asignadas até o momento nestes casos, e garantir a **coordinación coa Unidade Técnica** da consellería para que os centros novos (ou as remodelacións no seu caso) respondan ás necesidades actuais das bibliotecas escolares con encaixe na nova arquitectura pedagóxica da consellería.

2. Biblioteca Social

Este ámbito de actuación procura reforzar as bibliotecas escolares como espazos para o desenvolvemento persoal, social e cultural de todo o alumnado e das comunidades educativas no seu conxunto, incidindo nun enfoque inclusivo e na **potencialidade da biblioteca escolar como factor de compensación social e de equidade, promovendo a participación activa do alumnado e a presenza das familias**. En definitiva, as iniciativas recollidas neste ámbito pretenden fortalecer o papel da biblioteca escolar como **"viveiro de cidadanía"** que xa ten demostrado en múltiples experiencias espalladas por todo o territorio galego.

- 2.1. Presentar **a biblioteca escolar como un aliado imprescindible nas políticas para combater o fracaso, a exclusión e o abandono escolar**.
- 2.2. Estimular dinámicas de dinamización da biblioteca escolar que contribúan á exercer unha cidadanía crítica, responsable, creativa e participativa; que

procura o benestar para todos e todas a nivel individual e colectivo e que constrúe comunidades rexidas polos principios democráticos, atentas á diversidade, a equidade, a xustiza, a sustentabilidade e o ben común.

2.3. Reforzar o papel das bibliotecas escolares como factores de compensación de desigualdades sociais, de xeito que poidan atender as necesidades de todos os membros da comunidade educativa que, por razóns socioeconómicas ou outras, non teñen acceso aos recursos culturais máis básicos.

2.3.1. Diseñar fórmulas que favorezan unha atención específica, desde a biblioteca escolar, das necesidades do alumnado en materia de recursos dixitais e outros, para poder seguir o desenvolvemento curricular con eficacia, especialmente nos ámbitos rurais, en casos de enfermidade ou en períodos de pandemia, entre outros.

2.4. Continuar co desenvolvemento do programa de biblioteca inclusiva, na procura de que as bibliotecas escolares sexan espazos accesibles que ofrezan recursos e oportunidades de aprendizaxe para todas e todos.

2.5. Poñer en marcha iniciativas co enfoque de “lectura fácil” destinadas a facilitar a lectura a grupos de alumnado con necesidades educativas específicas.

2.6. Continuar a impulsar a existencia de bibliotecas escolares activas nos centros de educación especial.

2.7. Contribuír á consecución dos Obxectivos 2030 de equidade, calidade, dixitalización, e inclusión, así como a promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todos e todas.

2.8. Ofrecer ás comunidades escolares acceso aos bens culturais que brindan as bibliotecas dos centros de ensino, así como a recursos tecnolóxicos que poden contribuír á construción dunha cidadanía dixital.

2.9. Reforzar o programa de Voluntariado na Biblioteca Escolar e outras iniciativas integradas en Bibliotecas Escolares Solidarias como oportunidades para o desenvolvemento persoal, social e cultural do propio alumnado, mediante a súa participación activa, que enriquece a realidade dos centros escolares.

- 2.9.1. Reforzar a promoción do voluntariado das familias a través da colaboración nas actividades de xestión e, principalmente, de dinamización das bibliotecas escolares.
- 2.10. Deseñar fórmulas para que as bibliotecas escolares melloren a información e a difusión das súas actividades e recursos entre o conxunto da comunidade educativa.

3. Redes de acción, colaboración, avaliación e comunicación

Co fin de manter e mellorar os resultados obtidos nos últimos anos na rede de bibliotecas escolares de Galicia e reforzar a conexión co medio máis próximo (comezando pola propia administración educativa), cómpre estimular a procura de alianzas con institucións e entidades de carácter educativo, cultural ou social coas que se poidan compartir obxectivos. Así, é importante **establecer e reforzar redes de colaboración** con bibliotecas públicas e outros axentes sociais con influencia na construción da sociedade lectora, para unha maior eficacia das accións; continuar e avanzar na avaliación sistemática das iniciativas para o desenvolvemento do programa dentro dun proceso de mellora, así como fornecer as canles de comunicación e difusión que acrediten a presenza das bibliotecas e poñan en valor as súas iniciativas e logros.

- 3.1. Reforzar a **coordinación dos diferentes departamentos da consellería de Cultura, Educación e Universidade** e desta con outras consellerías que poidan intervir en beneficio das bibliotecas escolares e do desenvolvemento de iniciativas integradas no Plan LIA.
- 3.2. Integrar os resultados obtidos nestes últimos anos no desenvolvemento do modelo de biblioteca, impulsado desde a consellería, nas **novas tendencias de configuración dos centros educativos** emprendida desde a administración educativa para dar resposta ás necesidades no ensino dos vindeiros anos.
- 3.3. **Impulsar a realización dunha segunda xornada técnica sobre bibliotecas escolares** para darlle a continuidade á denominada "Biblioteca escolar, cuestión de enfoque", celebrada en marzo de 2019 en Santiago de Compostela, organizada pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e coa

participación de persoas expertas e técnicos das CCAA e do Ministerio de Educación.

- 3.4. Dar resposta á demanda doutras comunidades e países do entorno máis próximo (Portugal, Asturias e outros) para abordar un **programa ibérico de colaboración e intercambio** en materia de bibliotecas escolares.
- 3.5. Manter a participación de integrantes da Asesoría de bibliotecas escolares na **Comisión Técnica de Bibliotecas Escolares**, integrada no Consejo de Cooperación Bibliotecaria e dependente do Ministerio de Educación, así como nos diversos grupos de traballo que se organicen.
- 3.6. Continuar a participación da Asesoría de bibliotecas escolares, en representación da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, responsable do programa de bibliotecas escolares, no órganos de cooperación relacionados co Libro e a Lectura e as bibliotecas: **Consello de Cooperación Bibliotecaria e Consello Asesor do Libro**.
- 3.7. Explorar a posibilidade de establecer **convenios coas Universidades Galegas** de cara á realización de prácticas dos seus estudantes de Grao de Información e Documentación (UDC) ou de Ciencias da Educación, en centros con bibliotecas escolares activas ou de probada excelencia.
- 3.8. **Creación dun Observatorio das Bibliotecas Escolares** (ou Grupo Técnico, Comisión etc), con expertos e axentes implicados no desenvolvemento da Rede de bibliotecas escolares. Terían entre os seus fins, a realización bianual dun estudo sobre a súa situación, a elaboración de propostas de avance, elaboración de materiais de apoio, propostas de estudos de impacto e outras).
- 3.9. **Continuar a liña de colaboración coa Subdirección Xeral de Bibliotecas** para a posta en marcha de actividades formativas e de colaboración entre a rede de bibliotecas públicas e a rede de bibliotecas escolares.
- 3.10. Abrir unha liña de traballo coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para estudar a conveniencia de elaboración dun **marco de referencia** e o deseño de fórmulas axeitadas á realidade de cada concello, **para un aproveitamento dos recursos das bibliotecas escolares por parte de toda a comunidade**, principalmente naqueles municipios asentados no rural (ou nos barrios das cidades grandes), onde a biblioteca escolar pode funcionar como biblioteca de proximidade.

- 3.11. Promover a creación de **redes de colaboración coas bibliotecas públicas, as librerías de proximidade e as institucións e iniciativas culturais da contorna próxima**, mediante unha convocatoria de axudas específicas a centros que lideren a realización de actividades de promoción da lectura de carácter local ou comarcal, potenciando o seu carácter sistemático.
- 3.12. Continuar a fomentar unha **cultura de avaliación**, promovendo o deseño, a realización e a comunicación de estudos que describan a realidade da propia Rede, así como das iniciativas e programas que se levan a cabo.
- 3.13. **Incentivar a investigación de grupos de profesores e profesoras** en materia de bibliotecas escolares, aprendizaxe da lectura, promoción da lectura, as competencias propias da “cultura de información” (ALFIN/AMI), o traballo coas familias como mediadores de lectura, e outras propias deste ámbito.
- 3.13.1. Convocatoria dun **certame de textos de investigación educativa** con estas temáticas.
- 3.14. Difundir convenientemente os resultados dos estudos estatísticos sobre as bibliotecas escolares en Galicia, realizados en colaboración co Ministerio de Educación e presentados (na súa última edición) en xuño de 2021.
- 3.15. **Difundir entre o profesorado** os aspectos máis salientables dos estudos publicados en 2021 sobre os clubs de lectura nos centros de ensino secundario de Galicia e a traxectoria do programa de bibliotecas escolares de Galicia no período 2005-2020, “Pegadas dunha viaxe”, especialmente no que se refire a **prácticas culturais do alumnado en relación á lectura e a concepción da lectura e da biblioteca**, polo seu interese á hora de seguir planificando actividades e orientar as dinámicas das bibliotecas escolares, moi especialmente nos centros de ensino secundario.
- 3.16. Realizar e difundir **informes valorativos** de todas e cada unha das iniciativas deseñadas e desenvolvidas no contexto do Plan LIA, tal e como se fixo até o momento.
- 3.17. Realizar un **estudo sobre a contribución das bibliotecas escolares na adquisición das competencias ALFIN/AMI** no alumnado.
- 3.18. Reforzar o papel dos laboratorios de radio nas bibliotecas (Radio na biblio) e dos espazos web das bibliotecas escolares, especialmente na modalidade de

blog, como **ferramentas útiles para promover a interacción a comunicación e a participación** de todos os sectores da comunidade educativa.

4. Bibliotecas creativas LIA.3

Estender e reforzar un modelo de biblioteca escolar impulsado pola administración educativa galega nestas primeiras décadas do século XXI, débese facer desde distintos ángulos, como se abordou nos anteriores plans LIA e tal e como testemuñan os resultados acadados e postos de manifesto no recente estudo "Pegadas dunha viaxe. Traxectorias e futuros das bibliotecas escolares de Galicia", publicado pola consellería de Educación, Cultura e Universidade en 2021, froito do traballo dun equipo externo de investigación. Cómpre, pois, avanzar no modelo de biblioteca escolar deseñada como laboratorio creativo de aprendizaxes aberto a toda a comunidade escolar, na que cobren presenza os multialfabetismos, a creatividade, a expresión, a comunicación e a colaboración como garantes dunha formación adaptada ás necesidades do século XXI. Unha fórmula para conseguir estes avances necesarios é a de estimular a creación de bibliotecas LIA.3 como exploración daquelas bibliotecas que se adaptan ás novas necesidades e ás demandas da nova realidade educativa (que integran o aprendido no proxecto LIA.2 e nas Bibliotecas creativas do período 2014-2020).

4.1. Reforzar o programa de biblioteca creativa para promover a evolución das bibliotecas escolares como espazos creativos de aprendizaxe, fornecidos de múltiples recursos e orientación para utilizalos, que garantan unha formación adaptada ás necesidades do século XXI.

4.1.1. Ampliar na medida do posible o orzamento dispoñible para este programa, de forma que se poidan sumar máis bibliotecas escolares a esta iniciativa e continuar o labor de formación neste ámbito, reorientando cando sexa preciso a súa configuración, en función das necesidades observadas.

4.1.2. Deseñar fórmulas específicas para os centros de ensino secundario, onde o alumnado pode atopar resposta a moitas das súas necesidades en materia de aprendizaxe compartido, exploración, comunicación e expresión (recurrindo ao exemplo de centros con ampla experiencia e

excelentes resultados na seu deseño como centro creativo de aprendizaxes, entre outros recursos).

4.1.3. Elaborar, editar e difundir un pequeno documento, a distribuír entre alumnado, profesorado e familias, sobre os beneficios e as oportunidades que ofrece unha biblioteca como centro creativo de aprendizaxes.

4.2. Promover a creación de bibliotecas LIA.3 que presenten modelos de excelencia que poidan servir de estímulo e orientación para outras comunidades educativas, como evolución do proxecto Bibliotecas LIA.2, que integraba 25 centros ao finalizar 2020. O cambio de nome do proxecto resulta da evolución do mesmo en función da experiencia acumulada no proxecto anterior.

4.2.1. **Ampliar o número de centros convidados a participar deste proxecto** e, en consecuencia, ampliar o orzamento dispoñible para esta iniciativa.

4.3. Continuar a liña de publicacións de vídeos profesionais realizados nos centros LIA segundo vaian acadando un nivel de execución nas súas transformacións que se considere suficiente (son centros en constante evolución, dadas as súas características; neste momento están dispoñibles na web de Bibliotecas Escolares de Galicia un total de 20 vídeos de centros LIA.2).

5. Lectura

Os retos da formación de lectores críticos como un modo de construír cidadanía deben ser unha prioridade política de primeira orde. Recoñecer o papel da lectura como unha das portas de inclusión á vida social e cultural á que todas as persoas deben acceder como un dereito democrático compromete ineludiblemente os gobernos no seu compromiso político presente e futuro.⁸

Neste ámbito de actuación as iniciativas do Plan LIA deben promover desde a biblioteca escolar capacidades e actitudes relacionadas coas competencias

⁸Pegadas dunha viaxe. *Traxectorias e futuros das bibliotecas escolares de Galicia*. Miret, I. (coord.). Xunta de Galicia, 2021.

complexas de lectura e escritura, o pracer da lectura e a lectura por pracer, así como a lectura para aprender, a través de múltiples plataformas; facilitar o acceso, a creación, comunicación e difusión de textos en múltiples formatos e soportes, que permitan ao alumnado o desenvolvemento da competencia lectora e escritora e mais a súa educación literaria. En definitiva, **formar para unha lectura multimodal e favorecer máis e mellores experiencias de lectura** a todos os integrantes da comunidade escolar.

5.1. Promover a evolución dos Proxectos Lectores nos centros de ensino

como recursos para a planificación de iniciativas a prol da lectura, a escritura e os multialfabetismos desde as bibliotecas escolares, en relación estreita coas áreas e materias do currículo escolar.

5.1.1. Garantir a inclusión dos Proxectos Lectores de centro nos novos currículos da Comunidade Autónoma de Galicia, derivados do desenvolvemento da actual norma educativa (LOE), á vista dos resultados acadados desde a súa presenza na normativa galega a partir de 2007.

5.1.2. Elaborar un documento orientativo, adaptado ás novas realidades da lectura, as competencias informacionais e mediáticas e a cultura dixital, para a revisión dos Proxectos Lectores de Centro.

5.2. Impulsar entre o profesorado vinculado ás bibliotecas escolares a investigación sobre o fenómeno da lectura, entendéndoa como alfabetización múltiple, a través da propia práctica, co fin de coñecer logros e dificultades, e poder deducir as características ou as condicións que reúnen aquelas experiencias máis proveitosas.

5.2.1. **Crear un premio ou recoñecemento ás boas prácticas en materia de lectura entendida como multialfabetismo**, contemplando a lectura dixital e os seus condicionantes, coa finalidade de estimular a procura de fórmulas de mellora na práctica e a difusión daquelas experiencias que demostren bos resultados.

5.3. Elaborar materiais de apoio ao profesorado con orientacións para a mellora da competencia lectora do alumnado, contemplando os distintos soportes e formatos, **con especial atención á comprensión da lectura nos formatos dixitais**.

- 5.4. **Introducir de forma decidida os videoxogose as narrativas dixitais** como un formato máis de lectura nas bibliotecas escolares, cunha linguaxe específica que cómpre analizar de forma crítica, contribuíndo a que o alumnado coñeza produtos de calidade e aprenda a seleccionar con criterio aqueles que lle poden axudar a desenvolver habilidades diversas para a súa vida persoal e social (aproveitando algunhas experiencias xa existentes).
- 5.5. **Dinamizar** desde a Asesoría de bibliotecas escolares **o uso da plataforma de préstamo dixital ELBE.2 a disposición dos centros PLAMBE.**
- 5.6. Continuar e **enriquecer os programas que abeira a “Hora de Ler”**, nomeadamente os Clubs de Lectura, que ofrecen á comunidade educativa galega máis e mellores experiencias lectoras, prestando especial atención aos colectivos que máis o precisan, á participación das familias e á incorporación da lectura dixital.
- 5.6.1. **Ampliar a convocatoria de Clubs de Lectura**, con maiores orzamentos e dando cabida a clubs de lectura en centros de ensino primario.
- 5.6.2. Continuar e ampliar a liña de publicacións en relación co **Día da Biblioteca, do Día do Libro e outros.**
- 5.6.3. **Facilitar ao profesorado orientacións, pautas, recursos, propostas e materiais de apoio** para o seu labor de fomento da lectura entre os distintos sectores da comunidade educativa.
- 5.6.4. Reforzar as iniciativas xa existentes para promover a lectura entre os denominados “grupos de risco” (adolescentes e varóns, fundamentalmente), así como o alumnado de necesidades educativas específicas.
- 5.6.5. Ampliar as temáticas das maletas viaxeiras en función das demandas recibidas (Cultura Clásica, álbum ilustrado, Francés e outras).
- 5.6.6. Actualizar o contido das maletas viaxeiras con novas publicacións, para seguir mantendo a súa calidade e boa recepción por parte dos centros.
- 5.7. **Deseñar unha campaña**, certame ou convocatoria especialmente pensada **para a promoción da lectura entre a xente moza de institutos e centros de formación profesional**, presentando a lectura como unha condición de calidade de vida e de oportunidade para ampliar experiencias.

5.8. Deseñar e poñer en marcha **unha campaña de fomento da lectura en familia, vinculada ás bibliotecas escolares.**

- 5.8.1. Incentivar a realización nas bibliotecas escolares de actividades para a implicación das familias e para a formación de pais e nais como mediadores de lectura, como unha acción prioritaria no contexto dos Proxectos Lectores de Centro. Crear, a tal efecto, unha **convocatoria específica de apoio ás bibliotecas escolares para a realización de actividades específicas coas familias** en materia de lectura e de educación en información: **Lectura e Familias**.
- 5.8.2. Edición (en soporte dixital e, se é posible, en soporte impreso) de materiais específicos para as familias en relación coa lectura e as posibilidades de mediación no fogar para a formación de hábitos de lectura e mellora da comprensión lectora, incluíndo contidos relacionados coa lectura dixital.
- 5.8.3. Promover a celebración dunha **“semana da lectura en familia”** con orientacións para a súa celebración nas bibliotecas escolares (mesmo en coordinación coas bibliotecas públicas).
- 5.8.4. Programar unha actividade formativa destinada ás familias en relación coa lectura e coas competencias en información e medios de comunicación, co fin de dotalas de recursos para aproveitar as oportunidades da biblioteca escolar para o lecer e para a aprendizaxe.
- 5.8.5. Difundir as **boas prácticas** das bibliotecas que logran implicar ás familias na construción de comunidades lectoras
- 5.9. Facilitar un espazo dixital (**Rutas literarias**) para a publicación das rutas literarias desenvolvidas polos clubs de lectura nos últimos anos, co fin de recoller e difundir todo o coñecemento xerado polos centros neste ámbito. Estudar a posibilidade de editar unha pequena publicación na que se recollan as principais rutas literarias ideadas e desenvolvidas por clubs de lectura dos centros de ensino.
- 5.10. Retomar o programa **"EnCANTame ler"**, de lectura apoiada por cans, destinado preferentemente a alumnado con necesidades educativas específicas.

- 5.11. Retomar o **concurso de lectura en voz alta**, levado a cabo en 2010, co fin de incentivar a lectura expresiva e a oralidade nos centros educativos.
- 5.12. Incentivar a participación do alumnado en propostas de narrativa transmedia, recomendacións lectoras en formato *booktrailer*, relatos fotográficos, vídeos, etc, mediante a convocatoria de certames, especialmente destinados aos lectores adolescentes.
- 5.13. Elaborar e difundir **documentos breves con orientacións e pautas para o desenvolvemento da “hora de ler”** (tempo dedicado á lectura en horario lectivo) **e dos Proxectos Lectores de centro**.
- 5.14. Difundir as mellores prácticas de promoción da lectura nas actividades formativas e a través dos espazos web da consellería, especificamente na páxina de Bibliotecas Escolares de Galicia.

6. ALFIN/AMI

Unha das funcións fundamentais da biblioteca escolar é a de contribuír a formación do alumnado para o acceso á información cuns mínimos de eficacia, e facilitar a adquisición de habilidades e destrezas no uso, tratamento, avaliación e produción de información. Seguindo as orientacións de institucións internacionais como a UNESCO ou a propia Comisión Europea nos últimos anos véñense unificando os obxectivos e contidos relacionados coa competencia informacional e a competencia mediática na denominada “Alfabetización Mediática e Informacional”, AMI, na medida que o traballo sistemático cos medios de comunicación facilita paralelamente a adquisición das competencias informacionais. Pola súa parte, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte publicou hai un tempo o documento elaborado no seo do Consejo de Cooperación Bibliotecaria, *“Integración de las competencias ALFIN/AMI en el sistema educativo: referencias contexto y propuestas”* (2016), que contempla a biblioteca escolar como un dos recursos fundamentais para o desenvolvemento destas competencias e propón diversas actuacións neste campo que cómpre atender. A administración educativa galega, atenta a estas necesidades, incorporou ao programa de bibliotecas escolares, desde os seus inicios, o ámbito da educación en información, con diferentes medidas. O período de pandemia que aínda vivimos puxo de manifesto a urxencia de dotar ao alumnado e ás súas familias, de recursos para traballar coa

información e cos medios de comunicación, avanzar nunha cultura dixital co contido da información como materia prima e coa finalidade de construír coñecemento.

Neste Plan LIA 2021/2025 cómpre avanzar en programas que contemplan as bibliotecas como espazos educativos onde o alumnado aprende as capacidades e actitudes para traballar coa información, así como para a creación de coñecemento colaborativo a través dunha gama diversificada de ferramentas tecnolóxicas para a creación, representación e comunicación de información en diversos formatos. **As bibliotecas poden funcionar como centros de cidadanía dixital**, onde a comunidade escolar pode desenvolver programas de alfabetización mediática e informacional, e facilitar acceso equitativo aos recursos e tecnoloxías que non sempre están dispoñibles nos fogares. Algunhas medidas que se propoñen:

6.1. Reforzar os programas que inciden na Alfabetización Mediática e Informacional do alumnado, como Radio na Biblio e Biblioteca Creativa, con propostas que promovan o coñecemento e un uso responsable da información en múltiples formatos.

6.1.1. Potenciar o programa Radio na biblio, co fin de aumentar o número de centros a integrar neste programa, en vista dos excelentes resultados que está dando nos centros, como instrumento valioso para o desenvolvemento de actividades de comunicación lingüística, de adquisición de competencias en información e medios e como factor de inclusión.

6.1.2. Continuar a colaboración coa CRTVG para o desenvolvemento do certame anual de podcasts co gallo do Día das Letras Galegas.

6.2. Deseñar campañas puntuais arredor da celebración da Semana da Alfabetización Mediática e Informacional, a proposta da UNESCO, que impliquen accións concretas e recursos específicos de apoio.

6.3. Iniciar un programa de educación audiovisual desde a biblioteca escolar, aproveitando a experiencia de boas prácticas xa existentes nalgunhas bibliotecas escolares do proxecto LIA.2 e os bos resultados do programa Radio na biblio.

6.3.1. Poñer en marcha un programa de colaboración coas escolas de imaxe e son de Galicia (e as facultades de Ciencias da Comunicación ou

Xornalismo) para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais e de traballo coa información con bibliotecas integradas no Plan de mellora de bibliotecas escolares, como práctica para o alumnado dos ciclos formativos e como oportunidade para o alumnado de colexios e institutos.

- 6.4. Reforzar o desenvolvemento dos Proxectos Lectores de Centro **no que atinxe á adquisición das competencias informacionais e mediáticas**, mediante a difusión de boas prácticas, as actividades de formación do profesorado e a publicación de materiais de apoio.
- 6.5. Apoiar e reforzar a **inclusión dos contidos ALFIN/AMI nos contidos curriculares, de forma transversal, co apoio da biblioteca**; pero tamén o traballo intensivo e sistematizado a través das materiais de libre configuración para secundaria (Investigación e Tratamento da Información) e as correspondentes adaptacións para 4º e 6º de primaria. Dispoñer recursos de apoio e difundir boas prácticas.
- 6.6. Elaborar un **documento divulgativo**, breve e conciso, para difundir os beneficios de traballar contidos ALFIN/AMI desde as bibliotecas escolares entre os distintos sectores das comunidades educativas.
- 6.7. **Crear un “centro de recursos ALFIN/AMI”** de carácter virtual nun principio (*Laboratorio ALFIN/AMI* ou outro nome por determinar), vinculado á páxina de Bibliotecas Escolares de Galicia, con repositorio de producións audiovisuais elaboradas desde os centros ou desde institucións (en galego), entre outros recursos; pero tamén con orientacións, propostas, e materiais de apoio para o desenvolvemento das competencias informacionais e mediáticas do alumnado.
- 6.8. Promover a celebración dun **“Ano ALFIN-AMI”** co fin de impulsar un maior coñecemento entre a comunidade educativa da importancia de traballar pola mellora non alumnado das competencias en información e medios.

7. Formación e contribución á innovación metodolóxica.

Desde o Plan LIA de bibliotecas escolares é importante contribuír á formación do profesorado co deseño e desenvolvemento de propostas formativas e iniciativas que favorezan o emprego dos recursos e servizos da biblioteca escolar no desenvolvemento das prácticas cotiás dos centros de ensino. Proporcionar apoio

preferente ás metodoloxías activas e colaborativas, centradas en ofrecer ao alumnado espazos educativos, recursos e experiencias de aprendizaxe inclusivas e equitativas que faciliten que todas as persoas da comunidade sexan pensadores críticos e comprometidos, lectores competentes e usuarios responsables da información, capaces de consumir, avaliar e producir información en múltiples formatos.

- 7.1. Continuar coa publicación do **Concurso de Traballo por Proxectos** actualizando o seu deseño para ofrecer ao profesorado modelos metodolóxicos de excelencia na procura de aprendizaxes significativas e centradas en competencias clave, tomando como referencia sempre a biblioteca escolar, os seus recursos, servizos e oportunidades. Reforzar con máis orzamento se fose posible e continuar a difundir os traballos galardoados co fin de espallar bos modelos de práctica.
 - 7.1.1. Continuar a estimular a integración das humanidades e as ciencias nos traballos de investigación promovidos desde a biblioteca escolar, cun enfoque holístico e un tratamento interdisciplinario.
 - 7.1.2. Vincular as propostas de aprendizaxes baseadas en proxectos ás competencias necesarias para unha “cultura da información” (competencias en información e medios de comunicación, incluída a competencia dixital).
- 7.2. Promover a celebración dunha “**semana da investigación**”, vinculada ás posibilidades da biblioteca escolar.
- 7.3. Apoiar a celebración do **Día das Artes Galegas (1 de abril)**, cun certame de investigación entre o alumnado de secundaria e formación profesional sobre o artista ao que se lle dedique cada ano esta data.
- 7.4. **Promover a reflexión do profesorado neste ámbito** a través da petición de artigos para a revista EDUGA ou outras iniciativas.
- 7.5. Promover a investigación do profesorado en relación coas **interaccións entre os soportes físicos e dixitais na procura de información** e os mecanismos dos que cómpre dotar ao alumnado para un tratamento eficaz da información e a construción de coñecemento.

- 7.6. Estimular a iniciativa de **proxectos de “aprendizaxe-servizo”** como unha modalidade da metodoloxía de proxectos con gran impacto social na comunidade e nas aprendizaxes do alumnado.
- 7.7. **Promover a participación das bibliotecas escolares en proxectos europeos** vinculados á lectura e ás competencias informacionais e mediáticas do alumnado.
- 7.8. **Impulsar ou participar en convocatorias de proxectos europeos** en relación coas políticas públicas de lectura e de educación das competencias en información e medios, temáticas sobre as que traballa o Plan LIA de bibliotecas escolares desta consellería. Estudar a posibilidade de integración unha liña de intercambio de boas prácticas sobre bibliotecas escolares. (Erasmus +, Etwinning...)
- 7.9. Fornecer **aos equipos das bibliotecas escolares de asesoramento e formación** sobre o modelo de biblioteca escolar e respecto das iniciativas a prol da lectura, a escritura e a alfabetización en información das comunidades escolares, en colaboración coa Rede de Formación do Profesorado.
- 7.9.1. **Reactivar o itinerario formativo** en materia de bibliotecas escolares e fomento da lectura actualizado en 2019 pola Comisión de Bibliotecas Escolares (Servizo de Formación do Profesorado), en colaboración coa Asesoría de bibliotecas escolares, procurando resposta ás necesidades de formación permanente do profesorado (a título individual e de equipos de biblioteca) vinculadas á estabilidade e sustentabilidade da Rede de Bibliotecas Escolares de Galicia.
- 7.9.2. Continuar a celebrar as **tres actividades formativas vinculadas ao Plan LIA**: Xornadas de bibliotecas escolares de Galicia (outono), Encontros do Plan de mellora de bibliotecas escolares (primavera) e Xornadas dos Clubs de Lectura (primavera), coas adaptacións e renovacións necesarias.
- 7.9.3. Continuar a organizar **xornadas formativas vinculadas aos programas específicos**: Biblioteca creativa, Radio na Biblio, Biblioteca Inclusiva, imprescindibles para manter o bo nivel de resultados acadados até o momento.
- 7.9.4. **Organizar unha xornada sobre a biblioteca escolar no ámbito rural** co fin de apoiar e reforzar a presenza de bibliotecas escolares activas e

actualizadas en zonas con menor densidade de poboación, especialmente das provincias de Lugo e Ourense, aproveitando a existencia de algúns centros LIA.3 de contrastada experiencia nestas zonas.

- 7.9.5. Dar resposta a outras necesidades formativas observadas no seguimento dos diversos programas do Plan LIA entre **colectivos con influencia no desenvolvemento da Rede de Bibliotecas Escolares** (inspectores/as, equipos de dirección, persoas asesoras nos centros de formación e recursos).
- 7.9.6. En colaboración coa Rede de formación do profesorado e outros departamentos da consellería (Persoal), deseñar e publicar unha convocatoria de **estancias pedagóxicas** para profesorado responsable de bibliotecas escolares en centros LIA.3, coa finalidade de impulsar unha formación específica e intensificada nos centros máis punteiros da rede, co compromiso para os participantes de presentar, ao finalizar a estancia, un proxecto de transferencia e mellora no seu centro de referencia, a desenvolver nos dous anos seguintes.
- 7.9.7. Seguir a difundir as prácticas de excelencia a través das actividades formativas, como unha fórmula de resultado para a extensión dos modelos de biblioteca e de actuación en materia de lectura, apoiados desde a consellería.
- 7.9.8. Procurar alianzas coa Rede de Formación do Profesorado para introducir un módulo de biblioteca escolar (principalmente do aproveitamento dos recursos da biblioteca escolar e dos contidos ALFIN/AMI) en todas as actividades formativas, ou naquelas que se considere oportuno.
- 7.9.9. Establecer contactos coas Universidades galegas co fin de que as bibliotecas escolares e todo o relacionado coas competencias ALFIN/AMI e alfabetizacións múltiples teñan unha presenza suficiente nos plans de estudo do profesorado, acorde á realidade dos centros educativos de nivel non universitario. Apoiar a creación dunha Mención de profesor/bibliotecario nos graos de Mestre en Educación Infantil e Primaria, e no grao de Ciencias de Educación.
- 7.10. Avanzar no deseño e na organización do extenso **repositorio de recursos formativos** que atesouran os espazos web da Asesoría de

Bibliotecas Escolares, optimizando a súa accesibilidade, a través de múltiples formatos e soportes tecnolóxicos e dunha estratexia de comunicación que promova a súa utilización.

Avaliación do Plan LIA 2021/2025

Desde a Asesoría de bibliotecas escolares realízase anualmente un seguimento sobre a situación das bibliotecas integradas no Plan de mellora de bibliotecas escolares, e dáse difusión dalgúns datos e aspectos de interese. A valoración realízase en función dos datos recollidos a partir da lectura das memorias que estas bibliotecas realizan a finais de cada curso escolar, dos formularios vía web que cobren como parte da avaliación final de actividades, e do propio seguimento que se realiza desde a Asesoría. Así mesmo, elabóranse valoracións e informes de todos e cada un dos programas e iniciativas que se poñen en marcha no contexto do Plan LIA, informes que se dan a coñecer a través da páxina web de Bibliotecas Escolares de Galicia. Do mesmo xeito, ao remate do período 2016-2020 elaborouse un detallado informe de resultados da segunda fase do Plan LIA de bibliotecas escolares. Neste período leváronse a cabo, ademais, dous importantes estudos en relación cos clubs de lectura en centros de ensino secundario, dirixido por José Antonio Millán, e un estudo coordinado por Inés Miret sobre a traxectoria dos programas de bibliotecas escolares desde os seus inicios, e concretamente no período 2005 (data da primeira convocatoria do PLAMBE) e 2020, incluíndo moi diversos aspectos sobre a lectura e a evolución das bibliotecas dos centros galegos neste período, así como a repercusión en profesorado, alumnado e familias.

Continuarase con esta dinámica de revisión e valoración de todas as iniciativas integradas no actual Plan LIA 2021/2025, e nomeadamente, cos informes anuais de situación do Plan de mellora de bibliotecas escolares. Igualmente, ao remate deste período 2021/2025 farase unha valoración de obxectivos acadados.

Teranse en conta, entre outros, os seguintes indicadores:

- **Nº de centros incorporados** ao Plan de mellora de bibliotecas escolares e porcentaxe en relación ao nº total de centros públicos e privados concertados.

- **Nº de alumnos e alumnas beneficiados** polas diferentes iniciativas e programas.
- **Nº de alumnos e alumnas participantes** nas accións de Voluntariado na biblioteca escolar.
- **Nº de lectoras e lectores participantes** na iniciativa de Clubs de lectura, e outras.
- Porcentaxe de familias implicadas nas actividades da biblioteca escolar.
- **Avances en materia de biblioteca inclusiva** (accesibilidade, recursos, actividades, alumnado beneficiado).
- Avances en materia de comprensión lectora e outras competencias clave nas diferentes probas de diagnose do sistema educativo.
- Nº de centros integrados na plataforma de xestión informática da biblioteca escolar.
- **Nº de usuarios activos** na plataforma de préstamo dixital.
- Nº de préstamos por ano académico na plataforma de préstamo dixital.
- **Profesorado participante nas actividades formativas** relacionadas coa biblioteca escolar, a competencia informacional e mediática e o fomento da lectura.
- Resultado de participación de centros nas iniciativas do Plan LIA postas en marcha.
- **Convocatorias realizadas** ao abeiro do Plan LIA no período 2021/2025 en apoio das bibliotecas escolares, a promoción da lectura, a educación en información e medios, e outras.
- **Investimento realizado** no conxunto das iniciativas do Plan LIA e, nomeadamente, no Plan de mellora de bibliotecas escolares.
- **Avances nos resultados** na estatística estatal de bibliotecas escolares.
- Materiais editados en apoio do profesorado relacionados con este ámbito educativo.
- Estudos impulsados e elaborados sobre os avances das bibliotecas escolares de Galicia contemplados no Plan LIA 2021/20225.

Memoria económica/Previsión orzamentaria

Os orzamentos necesarios para o desenvolvemento da terceira fase deste Plan LIA van estar ligados ás condicións económicas do período 2021/2025. Á vista dos investimentos realizados no período 2016/2020 (13.789.395€), e dos resultados obtidos, realízase unha estimación media mínima de 3.000.000€ por cada período anual. O custo total mínimo estimado para este plan é, pois, de dezasete millóns de euros.

Bibliografía/recursos web

- *4 retos para la biblioteca escolar 2020. Conclusións da Jornada Técnica “Biblioteca Escolar, cuestión de enfoque”, celebrada en Santiago de Compostela (VVAA, 2019). Disponible en https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/files/Jornada_técnica.pdf*

As bibliotecas escolares, un lugar para a exploración e a experimentación. Novoa, C. (2018). Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Revista EDUGA, nº 76. Accesible en <http://www.edu.xunta.gal/eduga/1658/biblioteca-escolar/bibliotecas-escolares-lugares-para-exploracion-experimentacion>

Biblioteca escolar no ensino enraizado. Ensino rural e igualdade de oportunidades desde a biblioteca escolar. Novoa, C. (2021). Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Revista EDUGA, nº 81. Accesible en <http://www.edu.xunta.gal/eduga/2114/bibliotecas/biblioteca-escolar-no-ensino-enraizado>

Biblioteca escolar, un organismo vivo. Novoa, C. (2017). Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Revista EDUGA, nº 74. Accesible en <https://www.edu.xunta.gal/eduga/1477/bibliotecas/biblioteca-escolar-un-organismo-vivo>

Bibliotecas escolares, aceleradores de innovación. Novoa, C. (2020). Consejería de Educación e Deporte. Junta de Andalucía. Libro Abierto. Accesible en <https://www.juntadeandalucia.es/educacion/portals/web/libro-abierto/opinion/-/novedades/detalle/UiO5RJzNWrQE/bibliotecas-escolares-aceleradores-de-innovacion>

Bibliotecas escolares, entre interrogantes?. MEC/FGSR (2011). Accesible en <http://www.ccbiblio.es/wp-content/uploads/Bibliotecasentreinterrogantesgallego.pdf>

Bibliotecas escolares para el siglo XXI. Desarrollo de comunidades de lectura, Mekis, C. y Anwandter, C. (2019). Madrid: Narcea.

- *Clubs de lectura, lectoras e lectores no ensino secundario de Galicia.* Millan, J.A. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos (2021). Accesible en <https://libraria.xunta.gal/gl/clubs-lectoras-e-lectores-no-ensino-secundario-de-galicia>

Conclusiones del Consejo, de 26 de noviembre de 2012, sobre alfabetizaciones múltiples. Consejo de la Unión Europea. DOUE (2012). Accesible en <http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:C:2012:393:0001:0004:ES:PDF>

- *Directrices IFLA para la biblioteca escolar*. IFLA (2015). Accesible en <https://repository.ifla.org/bitstream/123456789/1096/1/ifla-school-library-guidelines-es.pdf>

Impact of school libraries on learning. Critical review of published evidence to inform the Scottish education community. Dorothy Williams, Caroline Wavell and Katie Morrison. SLIC (2013). Accesible en <https://openair.rgu.ac.uk/handle/10059/1093>

Instrucións de 1 de setembro de 2021, da D.X. de Centros e RRHH en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares para o curso 2021/2022.

Accesible en <https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=node/1556>

Integración de las competencias ALFIN/AMI en el sistema educativo: referencias, contexto y propuestas. Grupo de Trabajo de Alfabetización Informacional (GTALFIN). MECD (2016). Accesible en <https://sede.educacion.gob.es/publiventa/d/20721C/19/1>

Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia. Xunta de Galicia. Accesible en <https://www.boe.es/buscar/pdf/2012/BOE-A-2012-9061-consolidado.pdf>

Marco de referencia para las bibliotecas escolares. MEC (2011). Accesible en <https://sede.educacion.gob.es/publiventa/marco-de-referencia-para-las-bibliotecas-escolares/educacion-bibliotecas/14848>

Orde do 19 de abril de 2021 a que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o curso 2021/22. Accesible en https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/anunciog0598-230421-0002_gl.pdf

Pegadas dunha viaxe. Traxectorias e futuros das bibliotecas escolares de Galicia. Miret, I (coord.). Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos (2021). Accesible en <https://libraria.xunta.gal/es/pegadas-dunha-viaxe-traxectorias-e-futuros-das-bibliotecas-escolares-en-galicia>

Plan Estratégico de IFLA 2016-2021. IFLA (2016). Accesible en
<http://www.ifla.org/ES/strategic-plan>

Plan LÍA de bibliotecas escolares de Galicia 2016-2020. Informe de actuacións
(Decembro 2020). Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Dirección
Xeral de Centros e Recursos Humanos (Asesoría de bibliotecas escolares)

Prospectiva 2020 .Las diez áreas que más van a cambiar en nuestras bibliotecas
en los próximos años. Consejo de Cooperación Bibliotecaria (2013). Accesible
en http://www.ccbiblio.es/wp-content/uploads/Estudio_prospectiva_2020.pdf

Anexo I:

Resume de datos de interese recollidos no informe "Pegadas dunha viaxe. Traxectorias e futuros das bibliotecas escolares de Galicia"

A continuación, resúmense nunha táboa algún dos datos máis significativos de cara á planificación dos vindeiros anos, recollidos neste informe, con referencia á temática e á páxina da publicación dixital no que pode atoparse no seu contexto o dato salientado.

<i>Temas</i>	<i>Datos a salientar</i>	<i>Observacións</i>
<i>No contexto de transformacións aceleradas en materia de lectura e información</i>	Cobra aínda maior importancia o traballo pedagóxico das bibliotecas escolares como lugar de encontro e cruzamento entre a cultura letrada impresa e os novos soportes e modos de ler. A biblioteca pode ser un lugar de ponte entre vellas e novas formas de ler e de escribir, entre arquivos e coleccións tradicionais da cultura impresa e as novas coleccións dos medios dixitais, de carácter efémero, inestable e organizados polo criterio da popularidade. Formar lectores, entón, xa non implica soamente poñelos en contacto cun corpo de obras previamente definido como referencia cultural común, senón dotalos de criterios e capacidades para orientarse nun océano de producións culturais que non recoñecen os criterios de autoridade e de selección cultural outrora exitosos.	<i>A clave para enfrontar os retos da cultura dixital</i>
<i>Cadro xeral de eixos, metodoloxías e mostras</i>	Ver cadro pax. 16	<i>As mostras son moi amplas, tanto no estudo de casos como na recollida de info a través de cuestionarios.</i>
<i>Políticas públicas. MODELO DE BIBLIOTECA ESCOLAR IMPULSADO DESDE A CONSELLERÍA</i>	Sobre os carteis anuais: <i>O conxunto das mensaxes difundidas durante doce anos (lemas, imaxes e textos) foi <u>unha ferramenta con impacto</u> para compartir e visibilizar o tipo de biblioteca que se persegue.</i>	<i>Pax, 28</i>
	<i>As bibliotecas escolares galegas, herdeiras en boa medida destes movementos arredor das bibliotecas no mundo, puxeron en valor o seu rol no sistema educativo. O modelo integrou as</i>	<i>Pax. 29</i>

	preguntas que se foron fraguando arredor dos seus tres ámbitos de acción —a lectura, a información e as aprendizaxes— expondo procesos de transformación: – cara á diversificación das prácticas de lectura, – cara á súa reconsideración nun ecosistema mediático complexo, – cara á investigación e a creación colaborativa como formas de aproximación ao coñecemento.	
En relación coa lectura	As referencias conceptuais á lectura nos documentos analizados céntranse na <u>expansión das lecturas en canto a obxectos culturais, soportes, formatos, contextos e prácticas</u>. Neles insítese no desenvolvemento das lecturas como práctica social e na súa ampliación máis alá da lectura silenciosa de libros de literatura, distanciándose así dun imaxinario restrinxido da lectura na biblioteca. A idea que se mobiliza é que <u>a lectura é unha responsabilidade colectiva que debe reunir a docentes das áreas científicas, humanísticas, artísticas e tecnolóxicas.</u>	Pax. 29
A biblioteca como "laboratorio"	Incorporar este termo á biblioteca escolar supón integrar pedagogías emerxentes, como as pedagogías creativas e da experimentación; chama a atención sobre a exploración, a invención, a aventura («mirar cara a fóra, facerse preguntas, interesarse polo outro, inventar rutas para novas aventuras» (L 2015); incorpora as diversas formas de expresión («por medio da música, a pintura, a arquitectura, a danza, o teatro, a literatura, a escritura, as artes visuais, o cine, o cómic, a fotografía, as videoocreacións ou os videoxogos» (L 2016)). <u>Nun contexto de transformación dixital avanzada, a biblioteca escolar súmase así á «cultura da innovación».</u>	Pax. 32 L 2015 refírese a Lema 2015. Ver código de referencias na pax.20Este capítulo recolle máis referencias de interese sobre o modelo e a forma de implantalo a través dos lemas e dos textos das convocatorias PLAMBE.
Sobre as estratexias de implantación do	Ver cadro da pax. 38 A estratexia xeral de implantación do Programa de bibliotecas escolares en Galicia baséase na <u>convivencia de dúas liñas de acción simultáneas e complementarias:</u>	Pax. 39. Ver esquema É un bo resume do

modelo de biblioteca	– Por unha banda, <u>a creación dunha rede conformada por unha selección de centros (centros PLAMBE) onde se van probando e implantando paulatinamente as iniciativas máis avanzadas e esixentes en canto a recursos e implicación dos equipos.</u> – En paralelo, <u>a xeneralización dunhas condicións de base para a mellora das bibliotecas en todos os centros educativos.</u>	modo en que se foi instaurando un modelo de BE nos centros, impulsado pola administración. (Pax. 39-48)
Sobre os centros LIA.2	A rede medra non só en número de centros senón tamén <u>en densidade cualitativa</u>, no sentido de <u>que incorpora cada vez máis bibliotecas que levaron a cabo transformacións máis profundas e permanentes</u>. Co obxectivo de visibilizar estes centros e estas bibliotecas, estableceuse a distinción centros LIA.2. Estes centros destacan por incorporar proxectos interdisciplinarios, por dispoñer dun espazo suficiente que puidese ser remodelado, por levar a cabo experiencias de colaboración entre os equipos docentes e o equipo directivo, por contar cun equipo de biblioteca estable e por situarse, preferentemente, nunha zona rural. Estes centros son acompañados na realización das melloras necesarias para que poidan configurarse como centros «faro»: reformas do espazo para albergar novas funcións e usos, dotacións especiais de equipamento etc. Pola súa banda, os centros adquiren o compromiso de transferir as súas prácticas e as súas experiencias nas distintas contornas de formación, e tamén se comprometen a elaborar pezas de difusión en vídeo	Pax. 49
Sobre programas específicos	<u>O lanzamento de programas permitiu mobilizar cambios nas bibliotecas escolares centrándose, paulatinamente, en asuntos concretos</u> . Calquera dos programas involucra novas prácticas, pon en discusión outras e busca camiños para integralas no proxecto da biblioteca.	Pax. 50
Sobre Biblioteca inclusiva	Hai un erro no orzamento do ano 2017. Son 288.000€	Pax. 54
Sobre o conxunto dos programas incluídos no plan LÍA (máis aló do PLAMBE)	A análise conxunta dos dez programas descritos pon de manifesto <u>a capacidade de xerar transformacións diversas e complementarias na biblioteca escolar</u>, en concreto en canto a: – <u>Os ámbitos que se mobilizan en relación co modelo de biblioteca escolar, arredor das lecturas, da investigación, da información e dos medios, da creación e da produción, e da dimensión social da biblioteca.</u> – Os obxectos culturais que incorporan e as oportunidades de interacción para a exploración e a construción de coñecemento, desde os libros en diferentes xéneros, formatos e soportes, á incorporación dunha variedade de obxectos textuais, sonoros, visuais, multimedia,	Pax. 51-55

	<i>interactivos, manipulativos...</i> – A incorporación do dixital como contorna e como soporte de lectura, investigación e aprendizaxe. <i>– A suma de espazos dentro e fóra da biblioteca: a distribución espacial da biblioteca con zonas específicas (por exemplo, para a radio ou o recuncho creativo), as aulas, os recreos, os corredores, o espazo público, os fogares...</i> <i>– A diversidade de entidades e de axentes externos que logra involucrar, dentro da Xunta (AMTEGA ou DX Xuventude) e fóra (Radio Galega ou asociacións de autismo)</i>	
<i>Sobre a formación</i>	<i>Hai un capítulo dedicado á formación. Inclúe datos recollidos da rede de formación do profesorado, máis aló de encontros e xornadas dos servizos centrais. A destacar o contido e evolución do itinerario formativo en materia de BE (pax 60)</i>	<i>Pax. 58-66</i>
<i>Sobre materiais, difusión e movilizacións</i>	<i>A Asesoría de Bibliotecas Escolares desenvolve distintas estratexias de visibilización con diversas finalidades: <u>por unha banda, trátase de impulsar o modelo de biblioteca escolar; por outra, búscase darlles visibilidade ás bibliotecas dos centros galegos, reflectir as súas dinámicas e situalas como punto de referencia para outras bibliotecas escolares e, finalmente, incídese en cohesionar o conxunto e crear comunidade.</u></i>	<i>Pax. 66</i>
<i>Sobre carteis e lemas</i>	<i>Relación de todos os lemas anuais</i>	<i>Pax. 68</i>
<i>Sobre as instrucións de comezo de curso</i>	<i>A pesar de que se dan numerosas recomendacións sobre o horario de dedicación do responsable e do equipo de apoio, as horas de apertura e atención ao alumnado, as Instrucións non regulan un tempo mínimo asignado ao responsable para as tarefas específicas do funcionamento da biblioteca.</i> <i>As instrucións dan carta de natureza á biblioteca con base na súa obrigatoriedade, establecen claramente os seus obxectivos no contexto do centro. A existencia dunhas instrucións de carácter xeral significa, por unha banda, unha oportunidade para o desenvolvemento de bibliotecas naqueles centros que aínda non participaron en ningunha convocatoria do PLAMBE por falta de condicións e, á vez, <u>son unha guía en canto a requisitos de mellora para facer posible a integración na rede de bibliotecas escolares de Galicia.</u></i>	<i>Pax. 71</i>
CONDICIÓNS OPERATIVAS <i>para o desenvolvemento do</i>	<i>Os gráficos deste capítulo [pax. 72-81], coas súas descrições constitúen un resume de toda a estratexia desenvolvida desde o programa de bibliotecas escolares nestes anos. O informe valora este aspecto de forma moi positiva. Son varios gráficos en forma de tea de araña, complementarios que cómpre destacar pola súa expresividade</i>	<i>Pax. 77</i>

programa	O símil da tea de araña asimétrica pode ser expresivo de <u>tres características</u> que constitúen a Rede de bibliotecas escolares galegas: – A centralización, en canto ao rol da Asesoría na súa configuración e mantemento. – A diversidade, en relación coa variedade de estratexias que mobilizan transformacións e oportunidades de traballo en rede. – A versatilidade, en tanto que se abren numerosas oportunidades que cada centro pode adoptar ou non en función da súa situación e características.	
Sobre os datos en avaliacións externas (ver todo pax. 82-86)	Estatística sobre bibliotecas escolares 2010 e 2015 Galicia é a comunidade que obtén mellores resultados en case todos os indicadores, tendo en conta que analiza o conxunto de bibliotecas de Galicia e non só as pertencentes ao PLAMBE.³³ Sirvan como exemplo algúns resultados, como a dotación de ordenadores con conexión a Internet: se en 2010 os resultados eran superiores ao total, en 2015 practicamente non existen bibliotecas de centros galegos sen ordenadores para usuarios conectados a Internet (1,6 %), mentres que en España aínda o 8,3% non os teñen.	Pax. 83
	Os logros obtidos ata o momento e o elevado nivel alcanzado polas bibliotecas escolares de Galicia indican, por unha banda, o grao de consolidación dun proxecto pioneiro en España que debería ter a continuidade garantida e, por outro, demostran que as políticas educativas deben formularse a longo prazo e, sempre que se acompañen de resultados, manterse activas.	Pax. 86
IMAXINARIOS ARREDOR DA BIBLIOTECA ESCOLAR	Os actores escolares conviven a diario coas bibliotecas nos seus centros e nesa convivencia elaboran concepcións sobre as súas funcións e trazos, ao mesmo tempo que van organizando as súas percepcións e sentimentos sobre ese espazo e as súas operacións. Chamámoslles a esas concepcións «imaxinarios», tomando a idea de Baczko (1999) de que en toda sociedade son importantes as representacións colectivas como ideas-imaxes que expresan visións do pasado e tamén do futuro. Estas construcións de sentido sobre o que sucede son fundamentais para definir horizontes, asignarlles valor ás cousas ou ás persoas e organizar repertorios de acción (Tilly, 2000).	Pax. 88 e seguintes
	[En Galicia] De considerarse exclusivamente como un lugar para atoparse cos libros e para estudar, a biblioteca pasou a actuar como un espazo para explorar novas áreas, como un lugar para atoparse con outras persoas ou un espazo onde suceden eventos interesantes.	Pax. 89
Cuestionario sobre hábitos culturais	Preguntóuselles ao estudantado que linguas se falan nas súas casas. O 78 % indica que se fala galego, o 70 %, castelán e o 3 %, inglés. A pregunta sobre que linguas entenden reflicte estes resultados. Tamén se indagou sobre as súas actividades no tempo libre: entre as máis	Pax. 95

en tempo libre. Estudantes	frecuentes están que escoitan música, fan deportes, fan actividades extraescolares ou pasean ao aire libre. Navegar por Internet é a quinta actividade máis frecuente (o 39 % di que o fai sempre), seguida de saídas cos amigos, ver series e películas e xogar a videoxogos. As opcións vinculadas á cultura letrada, como ler libros e revistas, son menos frecuentes ca as sinaladas, pero realízanse esporadicamente. Outras actividades vinculadas a medios «tradicionais» como escoitar a radio ou ir ao cine son menos frecuentes ca a lectura de libros ou revistas. En relación coa visita a bibliotecas, só o 7 % menciona que vai sempre, un 62 % di que vai ás veces e un 32 % indica que non vai nunca. De todos os espazos culturais, os museos e exposicións son os menos visitados: o 2 % di que vai sempre, o 47% vai ás veces e o 51% non vai nunca. VER CADRO DA PAX. 95	Nesta enquisa, as visitas á bibliotecas enténdese que é fóra do ámbito escolar. A importancia disto é que é o primeiro informe sobre hábitos culturais en poboación escolar, docentes e profesorado, especificamente.
Cuestionario sobre hábitos culturais en tempo libre. Profesorado	En relación coas actividades que realizan no seu tempo libre, a máis frecuente é ler (o 58 % indica que o fai sempre), seguido de pasear (49 %), navegar por Internet (47 %) e escoitar música (45 %). Ver series e películas é unha acción que o 34 % indica que realiza sempre, porcentaxe moi similar á do estudantado (33 %).	Pax. 98
Cuestionario sobre hábitos culturais en tempo libre. Responsables BE	Sobre as actividades no tempo libre, as eleccións son similares ás do profesorado, aínda que con algúns matices significativos. A lectura aparece como unha actividade que indican que realizan sempre (78 %, cunha diferenza de 20 puntos con respecto ás preferencias do profesorado); en segundo lugar mencionan que escoitan música (67 %), en terceiro, navegar por Internet (59 %) e en cuarto lugar aparece pasear (52 %). Pode verse un perfil de participación e consumo cultural máis alto nos responsables ca nos docentes e no alumnado: o 100 % indica que vai sempre ou ás veces a museos e exposicións e ao cine, e un 92 % di que asiste sempre ou ás veces á biblioteca. Chama a atención que o 7 % (2) dos responsables sinala que non asiste nunca a unha biblioteca e nun caso sinala que non se conecta nunca a Internet no seu tempo libre.	Pax. 100
Concepcións sobre a LECTURA	Para o estudantado, a afirmación <u>do valor da lectura para a comunicación e a participación</u> é a opción máis elixida (90 %). Esta elección pode estar, dun modo ou doutro, influída polas distintas prácticas de que impulsan os programas da Asesoría, polo movemento de clubs de lectura e outras actividades onde experimentan a posibilidade de intercambiar, compartir, debater, crear unha linguaxe común e uns	Pax. 106

	referentes colectivos ao redor da lectura.	
	<i>O panorama que emerxe destas concepcións contén matices cuxa importancia hai que recoñecer. Hai un acordo xeral sobre o valor da lectura, con maior peso no profesorado e as persoas responsables da biblioteca, pero tamén notorio entre o estudantado. <u>Non obstante, nesa valoración pode verse o peso que ten para o estudantado a demanda de que a lectura sexa entretida e pracenteira, que adhire a novos discursos sobre a lectura, pero tamén á lóxica das industrias do entretemento.</u></i>	Pax. 110
Prácticas e usos da biblioteca escolar	<i>En relación coas visitas á biblioteca escolar, pode verse unha frecuencia de dúas ou máis veces no 46 % do estudantado e no 59 % do profesorado. Isto fala dunha presenza significativa na vida dos centros escolares.</i> <i>Pode observarse que os centros de educación primaria parecen ter un traballo máis intenso coa biblioteca: mentres que o 87 % do estudantado de educación primaria vai polo menos unha vez á semana á biblioteca, no caso do estudantado de secundaria fano nun 50 %. Así mesmo, é notoria a proporción de estudantes de educación secundaria (4 %) que nunca a visitaron</i> <i>AQUÍ HAI QUE CONSULTAR OS CADROS DAS PAX. 114, 115, 117 e seguintes</i>	Pax. 113-123
profesorado	A presenza e diversidade de actividades moi frecuentes é notoria no caso dos centros PLAMBE , que no cadro anterior se pode ver no predominio do verde nestes centros, así como unha menor presenza da cor azul, actividades nunca realizadas. Os centros PLAMBE aparecen como lugares onde se van consultar libros e outros materiais, se consulta información en Internet, se participa en cursos ou actividades da biblioteca e se ven películas e vídeos. O pedir ou buscar materiais en préstamo é tamén maior nos centros PLAMBE. Por último, pode observarse que nos dous tipos de centro as bibliotecas son recoñecidas como espazos de desconexión, de momentos de paz e tamén de encontro con outras persoas.	Pax. 117
estudantes	<i>Pode verse nestas respostas a diversidade de actividades e propostas que realizan os centros PLAMBE, que exceden en moito a proposta clásica da biblioteca centrada en libros. Os estudantes realizaron talleres de robótica, de creación audiovisual, impresión 3D e programas de radio; boa parte traballou tamén coa mochila viaxeira e cos xogos dispoñibles na biblioteca. O perfil cultural proposto é marcadamente aberto, disposto a traballar con outros materiais da cultura ademais dos libros. Destaca nese novo perfil o traballo cos medios dixitais, por exemplo, a partir da creación audiovisual e da robótica.</i>	Pax. 123

	A modo de síntese deste capítulo, sinalamos que os actores teñen en xeral unha visión positiva sobre as bibliotecas escolares, aliñada cos principios do PLAMBE, por exemplo, sobre o traballo coa literatura, a creatividade e o encontro dos corpos. Nese sentido, <u>poden verse nestas respostas algunhas pegadas do traballo do PLAMBE nas escolas, e a forma en que se foron cambiando percepcións e prácticas sobre as bibliotecas.</u> Os elementos que parece necesario reconsiderar son as posicións e sentimentos do <u>estudiantado de educación secundaria</u>, entre quen pode observarse un subconxunto que se distancia e desafía o imaxinario da biblioteca escolar. Quizais o seu desafío teña que ser retomado desde o propio programa e as súas propostas pedagóxicas, para poder responderlles mellor aos adolescentes que están nas escolas e motivalos.	Pax. 134
PALABRAS. A BE e as súas asociacións.	No cuestionario destinado aos actores clave das bibliotecas escolares (responsables, docentes e estudantes), incluíuse un ítem que solicitaba nomear tres palabras coas que se asocia este espazo. Este exercicio tivo como obxectivo a reconstrución das redes semánticas nas que se inscribe a biblioteca, e ver en que medida é considerada como un espazo privilexiado de lectura, como un espazo de tranquilidade e silencio, como un ámbito exclusivo de libros, ou ben como espazo onde priman actividades creativas e con outros artefactos.	Pax. 140 e seguintes
Responsables de BE	Nos responsables de centros PLAMBE, as palabras están concentradas nas funcións pedagóxicas (xa sexa lectura ou innovación). As palabras que concentran maior número de conexións, é dicir, as máis influentes, son «cultura», «creatividade», «aprendizaxe» e «espazo». Os tópicos máis repetidos son: «cultura, información, igualdade»; «aprendizaxe, vida, pensamento»; «creatividade, compensación, colaboración»; «pracer, espazo, tempo»; «coñecemento, liberdade, benestar». Nos centros participantes no programa o foco está posto nas aprendizaxes, na cultura e na creatividade, e hai unha mención frecuente ás características do espazo material da biblioteca. En cambio, nos centros non PLAMBE as palabras máis frecuentes son menos específicas, aínda que hai unha presenza significativa de termos asociados á inclusión.	Pax. 145-148
Profesorado	Para o profesorado que exerce en centros PLAMBE, os termos máis influentes son «calma», «cultura», «creatividade» e «aprendizaxe». As asociacións máis frecuentes entre tópicos son as seguintes: «aprendizaxe, cultura e lecer»; «creatividade, creación e experimentación»; «calma, viva, socialización»; «dinamizadora, encontro, centro»; «innovación, diversidade, enriquecemento». Como nos responsables de biblioteca, entre o profesorado poden observarse disparidades	Pax. 148-151

	respecto da presenza forte de vocábulos como a innovación, a colaboración, a creación e a aprendizaxe entre quen está en centros PLAMBE, e do lecer e a inclusión nos non PLAMBE. Parecen ser máis relevantes os discursos das pedagogías creativas nos centros PLAMBE ca nos demais.	
Estudantado	É destacable que entre os termos elixidos hai unha gran cantidade de adxectivos positivos xerais (boa, perfecta, magnífica, xenial, guai, moi chula). Un dato interesante é que aparecen máis palabras críticas ou negativas no estudantado PLAMBE (4 %) ca no non PLAMBE. Entre o primeiro grupo, do estudantado PLAMBE, os elementos máis influentes son «ler», «diversión», «acolledora» e «divertida». Os tópicos relevantes son: «lectura, aprendizaxe, ler»; «divertida, acolledora e interesante»; «bonita, ampla, grande»; «útil, sitio, información». Entre os estudantes non PLAMBE, os termos máis influentes son «divertida», «acolledora» e «bonita». Os tópicos relevantes son: «acolledora, agradable e tranquila»; «divertida, silenciosa e entretida»; «estudo, paz e lectura»; «ler, divertir e gozar». Coma no profesorado, é posible ver nas palabras elixidas polo estudantado o peso do espazo material da biblioteca nos centros PLAMBE. Aparecen moitas máis conexións arredor dos termos «lectura» e «aprendizaxe», así como referencias máis explícitas á creatividade e á imaxinación. [Nos centros non PLAMBE] A lectura está asociada á aprendizaxe e ao estudo, pero tamén á tranquilidade e á paz. Parte destas diferenzas pode estar vinculada ao número menor de alumnado enquisado neste grupo, pero non deixa de chamar a atención que as conexións seguen as cadeas asociativas do traballo escolar e non suman vocábulos vinculados ás novas funcións da biblioteca de dinamización do espazo e o currículo escolares.	Pax. 151-155
Resume do capítulo	<u>É posible evidenciar o impacto das políticas públicas, que lograron persuadir sobre a importancia de que a biblioteca escolar cumpra funcións máis amplas ca a provisión de libros. Isto é algo valorado polos actores.</u> Se se miran de preto as asociacións construídas arredor da lectura, é posible ver que o alumnado de centros PLAMBE pode armar cadeas amplas e en direccións múltiples, mentres que o estudantado de centros non PLAMBE parece máis restrinxido ao que se vincula	Pax. 156

	á tarefa escolar.	
Sobre NARRATIVAS DOCENTES	Moitas das narrativas dos profesores recuperan experiencias significativas de coñecemento, que producen cruzamentos inesperados, achegan o menos coñecido ou visible pero valioso, e desenvolven posibilidades de enriquecer as linguaxes e a formación integral dos estudantes. Os relatos poñen de relevo a importancia do encontro de corpos, voces e obxectos que producen as bibliotecas escolares, e dos cruzamentos de saberes e de miradas para producir eventos memorables. <u>Hai que apoiarse nestas memorias para expandir as formas de traballo, de maneira que as viaxes de coñecemento que se propoñen nas bibliotecas tamén recoñezan a importancia de interactuar criticamente coa dixitalización da cultura.</u>	Hai testemuños moi interesantes, a ter en conta, neste capítulo que vai da pax. 157 a 172
Sobre as REPRESENTACIÓNS VISUAIS DO ALUMNADO EN RELACIÓN COA BE	Un aspecto destacado nos debuxos é a importancia da biblioteca como espazo de encontro. Nos centros PLAMBE valórase moito a comodidade, a relaxación e a estética da biblioteca: a presenza de alfombras, pufs, cadeiras de brazos e plantas así o mostran. Nos debuxos dos estudantes destes centros, ventás e portas figuran de maneira prominente. A importancia do espazo e o clima que crea pode observarse tamén na menor presenza de figuras humanas nestes debuxos. Ao contrario, nos centros non PLAMBE as persoas cobran máis relevancia, quizais porque a disposición do espazo e o mobiliario son menos destacables. <i>Uxía, estudante de quinto de educación primaria, non lle puxo título ao seu debuxo pero describiu a súa biblioteca como «enxeñosa, tranquila, espectacular». É un debuxo que contén varias perspectivas (desde arriba, frontais, oblicuas) e que mostra a enorme riqueza que ela atopa neste ámbito. Esta riqueza non sería posible se non mediasen programas que permitiron fortalecer a biblioteca e dotala tanto de equipamento como de pedagogías que convidan a ocupala para aprender sobre o mundo e crear outros novos.</i>	Todo moi interesante, pero asociado aos debuxos dos nenos e nenas. Pax. 173-196
EN E ENTRE BIBLIOTECAS.	Ver cadro da pax.203	Pax. 198-

ESTUDO DE CASOS		
Sobre dispoñibilidade material, ambiente e coidados	<i>Algúns dos efectos máis visibles das políticas desenvolvidas nos últimos anos en relación coas bibliotecas escolares en Galicia maniféstanse nos espazos das bibliotecas e nos recursos que as integran. En efecto, as novas bibliotecas transforman o seu espazo: da biblioteca-aula transítase cara a un verdadeiro centro de recursos para a aprendizaxe, ampliando o espazo, dispoñendo áreas específicas para distintas funcións, buscando crear un ambiente acolledor mediante o uso de cores vivas e atractivas ou incorporando mobiliario que personaliza os distintos usos. Máis alá do espazo, a biblioteca rompe os muros e distribúese por todo o centro, chegando ás aulas pero tamén ocupando recunchos e creando novos espazos de difusión dos libros e para a lectura. E, certamente, as coleccións tamén se renovan grazas ás achegas do PLAMBE de maneira que, mediante o expurgo e as adquisicións seleccionadas, os fondos son máis e máis atractivos e responden mellor ás expectativas do alumnado e do profesorado.</i>	Pax. 205-2014
	<i>Pero o que máis destaca da transformación das bibliotecas escolares en Galicia é a incorporación de elementos que, ata o momento, non se consideraban propios das bibliotecas, que agora se equipan con robots, mesas de luz, mesas de xogos, instrumentos de radio, impresoras 3D, tabletas, story cubes, lectores electrónicos ou programas de edición de imaxe e son etc. Esta biblioteca tamén se caracteriza por unha maior dispoñibilidade, un horario de apertura amplo que se poderá asegurar mediante uns equipos de biblioteca numerosos, pero tamén grazas á colaboración do alumnado voluntario.</i>	Pax. 206
Sobre a construción da colección	<i>«Non incorporamos algo porque estea de moda... para incorporarse nunha biblioteca escolar teñen que pasar filtros de calidade, non vale todo, porque hai tanta e tanta oferta que hai que escoller moito e moi ben». (Responsable de biblioteca, educación primaria)</i>	Pax. 209
Cara á biblioteca multimodal	<i>Nesta nova biblioteca materialízanse dunha maneira evidente as innovacións en materia de bibliotecas escolares, en especial as que se promoven desde os programas da Asesoría. Así, desenvólvese unha nova idea de biblioteca, que vai máis alá do impreso e que incorpora novos conceptos: fálase de biblioteca creativa e de espazo maker como contornas de aprendizaxe nos que se prioriza a manipulación e a interacción por parte do alumnado.</i>	Pax. 210

	<i>En todos os casos, trátase de contornas dotadas de tecnoloxía, que reúnen obxectos e recursos multimodais de todo tipo: xogos e xoguets, encerados dixitais, robots, impresoras 3D, tabletas, story cubes, lectores electrónicos, mesas electrónicas, programas de edición de imaxe e son etc. E que tamén dispoñen das infraestruturas esenciais para a adquisición das competencias mediáticas, como estudos de radio, cromas, cámaras etc.</i> <i>A introdución destes recursos e materiais na biblioteca, así como a posibilidade de interactuar con eles, valórase como un factor moi positivo por canto supón un estímulo para o alumnado.</i>	
<i>Sobre tempos</i>	<i>«A vida normal é que estea eu ocupada durante todo o día e, de feito, temos dous laboratorios alí, dentro da biblioteca, funcionan dous laboratorios de educación documental, ou de pequenos e ou de maiores, de maneira que aí estás todo o día, está a porta aberta.» (Responsable de biblioteca, educación primaria)</i>	Pax. 212
PRACTICAS ARREDOR DA LECTURA E O COÑECEMENTO	<i>Durante as estancias nos centros educativos púidose constatar como a biblioteca se desenvolve como un ecosistema cultural e de aprendizaxe en numerosas posibilidades de lectura, aprendizaxe, encontro e xogo. En concreto, na análise das entrevistas, grupos focais e observacións, identificáronse prácticas arredor de:</i> <i>- Os fluxos de recomendación e encontro entre lectores.</i> <i>As formas de aprender e ensinar en e coa biblioteca, e as resistencias que espertan nalgúns casos.</i> <i>A exploración e a creación con novos artefactos na biblioteca.</i> <i>A integración do dixital como contorna e como soporte.</i>	Pax. 216-217
<i>Formas de aprender en e coa biblioteca</i>	<i>O valor da docencia compartida é destacado por outra profesora, que valora a biblioteca como «espazo privilexiado» para iso:</i> <i>«E despois no ámbito da organización, así de... de centro, ves como... cara á liña que queremos traballar, non?, que sexa unha aprendizaxe máis significativa e creativa, e... pois a biblioteca é o centro neurálxico do... do instituto, non?, é... onde podemos colaborar todas as materias, departamentos, é un sitio... fenomenal, privilexiado para iso, é onde... podemos xuntar moito os rapaces, máis dun grupo, cando intentamos facer docencia compartida, non?, con dous profesores na aula, por exemplo, ou tres... pois aquí podes meter 50, 60 rapaces que están traballando, non en silencio, coma antes, pero... traballando, dialogando,</i>	Pax. 223

	buscando... pensando, e con varios profes...». (Profesora, educación secundaria)	
Proxectos	«Referido a unha actividade concreta dun proxecto documental integrado: A intervención da BE, a pesar de non ser o seu espazo onde se desenvolve, si ten presenza, xa que hai un traballo de investigación, de guionización, de lectura... que a biblioteca favorece. Trabállase: a adquisición de competencias tanto no ámbito da procura de información, como no manexo desa información para plasmala nun bo guion, unhas preguntas pertinentes, na creación dun clima amable para que todos queiran intervir e, finalmente, a adquisición de destrezas no manexo de medios tecnolóxicos. » (Diario do equipo de traballo en campo, educación primaria)	Pax. 225-226
Creación e interaccións con novos artefactos. Un exemplo de funcionamento de RADIO NA BIBLIO	(Do diario de campo da persoa entrevistadora) Dúas voluntarias de 1.º da ESO crearon un guion cun programa sobre os malos tratos animais. Existe iniciativa na decisión de acudir á radio no tempo de recreo, así como autonomía no guion (que é revisado, aínda que se confía no alumnado) e na gravación. As dúas nenas entran á radio. Lola comproba que todo está OK. Elas mesmas acenden. Unha ponse no control e a outra na mesa de micros. Lola lémbrales como funciona a mesa de mesturas. Levan de forma autónoma a radio, o programa, a música, a mesa de mestura e son. O programa, centrado nos malos tratos animais, conta cun guion que aborda os animais máis castigados. Conectan os micros e colocan o guion no atril. A que está na mesa de mesturas leva o audio e grava. Unha das nenas ten dificultades na lectura e igualmente a radio é un espazo que a motiva a achegarse e involucrarse. Radio inclusiva. O resultado non é o importante, senón o proceso: buscan información, preparan un guion, exprésanse oralmente e fano de forma voluntaria e autónoma no recreo. A música que teñen para as cortinillas é "libre de dereitos". Concienciase o alumnado nesta cuestión, xa que os programas se publican en Ivoox. O alumnado xa aprendeu a buscar libre de "copyright". Os que desexan empregar unha música concreta, con dereitos, poden gravar pero NON se publica, non se colga en Ivoox, só para uso interno. As fotos cólganse no Instagram da biblio e no blog, por duplicado.	Pax. 230
Radio na biblio	« Estes nenos, o bo que teñen, é que teñen unha bagaxe xa de... saber falar en público, porque expoñen moitísimos traballos na biblioteca... de falar na radio, ou sexa, é que teñen xa un... este de feito moitas nenas do ano pasado que facían moi ben o do tema da radio, este ano apuntáronse a oratoria no instituto... » (Profesora, educación primaria)	Pax. 230
Simultaneidade de prácticas na BE	« Imposible recoller a riqueza da BE no recreo. - Taller de máscaras - Biblioaxudantes – colocación recursos - Alumnado nos PC sobremesa – estudando e repasando unha presentación/exame oral - Alumnado ESO – traballo nas mesas. NON empregan recursos da biblioteca máis alá das	Pax. 232-233

	mesas e cadeiras. Empregan libros e cadernos que trouxeron nas súas mochilas. - Alumnado de último curso de EP estuda para un exame na zona de puffs. Outros len: libros de texto, novela, cómic. - 2 nenos de sexto de EP buscan libros no andel, na zona, de lectores avanzados. - 2 nenas (Lucía e Leire, 11 anos, 6.º A educación primaria) collen libros no andel. Diríxense ao posto de préstamo e entréganlle os libros elixidos á profesora de garda. Devolven os libros que tiñan en préstamo e levan outros novos.»	
COMUNIDADES DE INTERESES E INCLUSIÓN	«É un espazo no que aqueles alumnos aos que lles custa máis atopar o seu lugar no instituto entenden a biblioteca escolar como un espazo seguro e no que poden ser eles mesmos, potenciar os seus talentos e poder compartir cos demais, mesmo a través de talleres organizados por eles, aquelas actividades nas que se senten "fortes"». Neste sentido, puidemos presenciar talleres de tecnoloxías ou de debuxo manga, propostas desenvolvidas por nenos diagnosticados con TEA que nas clases ordinarias teñen dificultades de atención e relación cos compañeiros e profesores.» (Diario do equipo entrevistador, educación secundaria) Da mesma opinión é un dos profesores entrevistados, que considera que na biblioteca se xera un cambio de actitude cara á diferenza, posto que os mozos e mozas «respectan moito máis a diversidade dos compañeiros neste espazo que na contorna habitual da aula, non?, e sobre todo nos recreos, que se ve perfectamente, e os rapaces xogando, e dá igual, con diagnose ou sen ela, eh?, pero nótase como que atoparon un lugar no que estar dentro do centro, e iso creo que é fundamental» (Profesor/a, educación secundaria).	Pax. 236
Sobre a influencia da BE e de Radio na biblio	A biblioteca facilita o desenvolvemento de actividades de aprendizaxe que son especialmente adecuadas para estes perfís de alumnado. Así, algunhas das novas funcionalidades da biblioteca contribúen a potenciar determinadas competencias e, en especial, as relacionadas coa expresión oral que se desenvolven no contexto do programa Radio na biblio, tal como transmite unha alumna egresada: «Eu penso que si, en todos os sentidos. E non só a biblioteca, senón tamén tivo unha influencia a radio porque a verdade é que tanto pola biblioteca como pola radio, a min déronme unha maneira de expresarme que eu non coñecía de min ata agora e fixéronme ver unha capacidade en min mesma que tampouco sabía. E que empecei a quitar unha chea de cousas e de valores distintos, de formas de escribir. E a verdade é que iso ten moitísimo impacto.» (Estudante egresado, educación secundaria)	Pax. 236

A biblioteca como refuxio	Esta idea da biblioteca como refuxio aparece de maneira recorrente nas palabras dos entrevistados. Neste sentido exprésase un director dun colexio público integrado, cando manifesta que: «A biblioteca cumpre varios roles. Un fundamental é socialización. Fundamentalísimo, pero vamos, creo que é o número un. Nós consideramos que a biblioteca como calquera outro espazo do centro é unha escusa para cousas superiores. Socialización, integración... hai moitísimos nenos que veñen aquí porque se senten a gusto e ao mellor len pouco, collen ou non, ao mellor non os ves ler moito, se non máis estar con, e atopan aquí o seu lugar.» (Director/a, centro público integrado) «Hai nenos que, ao mellor, nese momento queren escapar. Escapar, refírome, necesitan estar sós. Non durmiron ben, non tiveron boa noite ou están tendo problemas na casa e é o neno que sempre xogou fóra, pero necesita esa soidade. Se a necesita, pois tamén hai que proporcionarlle.» (Responsable de biblioteca, educación primaria)	Pax. 239
Sobre a equidade	«A nosa biblioteca non ía ser un espazo único nun sitio único e queremos que todos os nenos, sexan da escola que sexan, teñan os mesmos recursos... Pois aí é onde estamos nós, tratando a equidade e tratando de liquidar, pois, esas pequenas desigualdades, tanto económicas, sociais, do tipo de realidade que sexa, pero si que estamos totalmente sempre presente disto si, pero temos que pensar nunha alternativa para que todos os nenos do CRA se poidan beneficiar.» (Responsable de biblioteca, centro rural agrupado)	Pax. 240
	En esencia, pois, os distintos axentes consideran que a biblioteca escolar xoga un papel determinante nos procesos de integración e no recoñecemento da diversidade, aínda que non pode renunciar de ningún modo ao seu rol como democratizador do acceso á cultura e ao coñecemento, o que implica superar os límites do espazo do centro e actuar como dinamizadora das prácticas culturais da contorna.	Pax. 241
ARTICULACIÓN DE DECISIONS PARA A XESTIÓN E DINAMIZACIÓN (de equipos, liderazgos e organización)	<u>Neste sentido, as persoas enquisadas coinciden en destacar tres liñas de forza que caracterizan o modelo: a importancia do traballo en equipo; o papel do responsable de biblioteca e a imprescindible coordinación cos órganos do centro (equipo directivo e claustro, esencialmente); e a implicación de toda a comunidade educativa</u>	Pax. 247

FUNCIONAMENTO EN REDE	Ser do PLAMBE, traballar en rede <i>A participación nas distintas convocatorias do PLAMBE comportou enormes beneficios para os centros, non só pola asignación económica que permitiu mellorar os seus equipamentos e prestacións, senón tamén foi positiva noutros aspectos como os relacionados co sentimento de pertenza á comunidade ou a valoración positiva sobre a actividade que leva a cabo. Os responsables de biblioteca valoran, evidentemente, as dotacións de orzamento, pero destacan como formar parte do PLAMBE lles axuda a sentírense acompañados no seu labor.</i>	Pax. 255
Encontros	<u><i>A sensación de pertenza a unha rede vese reforzada polas posibilidades de participar na formación e compartir experiencias e coñecemento, como manifesta unha responsable de biblioteca:</i></u> <i>«O PLAMBE dá unhas xornadas de formación en novembro e os encontros, que adoitan ser en marzo e abril, que son fontes de información que te ves cun chea de ideas e cunha chea de cousas para facer, ademais de sentar un pouco as ideas. É dicir, cando chegas á biblioteca, a idea que ti tes da biblioteca e do que despois se pode facer é diferente.» (Responsable de biblioteca, educación primaria)</i>	Pax. 256
Estar dentro do PLAMBE	<i>Pola contra, non conseguir acceder ao PLAMBE leva os centros á ausencia de apoios e un sentimento de illamento no proxecto de biblioteca; e o simple feito de participar nunha das súas convocatorias convértese tamén nun estímulo para mellorar e permite coñecer o que fan outros centros e intercambiar opinións e ideas. Así o percibe unha responsable de biblioteca, que opina que «estar dentro [do PLAMBE] é entrar nese mundo de bibliotecas. Entrar na rede implicaría un pouco estar máis conectadas, aprender máis da xente que leva moitos anos con este proxecto; ao mellor mesmo, pois ter ese ritmo de ter que responder e de ter como unha planificación» (responsable de biblioteca, educación primaria).</i> <u>Estes centros que teñen como obxectivo formar parte do PLAMBE valoran especialmente a función de acompañamento que recibiron por parte da Asesoría de Bibliotecas.</u> <i>É o caso dun centro de educación secundaria con proxecto do PLAMBE denegado, cuxa responsable narra como a partir do asesoramento recibido se decataron de que o que realmente necesitaban era máis formación: «Este ano solicitamos para ir a Santiago para revisar o PLAMBE que presentamos e foi cando nos dixeron aquí que era demasiado ambicioso, escapa da realidade: "vos presentastes un PLAMBE que non ten nada que ver co voso", entón realmente aí vimos que si e elas asesoráronnos moito sobre a</i>	Pax. 256

	formación que iamos recibir. Solicitamos nós co PCPP e buscar un pouco todas as lagoas que tiñamos» (responsable de biblioteca, educación primaria).	
Encontros e xornadas	<u>De todas as modalidades formativas, a formación conxunta a través dos encontros e xornadas é altamente valorada polos centros, que consideran, ademais, que este tipo de experiencia reforza o sentido de pertenza á comunidade das bibliotecas escolares galegas.</u> Un dos profesores destaca como moi positivo o feito de ver a outra xente que comparte as mesmas inquietudes, e de poder falar en distintas ocasións porque «comes alí, que comes todos xuntos, que falas... Coñeces unha chea de xente» (outro profesorado, centro público integrado).	Pax. 257
TRAXECTORIAS E TRANSFORMACIÓNS NO TEMPO	«Eu lembro facer unha comparación de cando eu estaba en primeiro a cando eu marchei en cuarto, a verdade é que o cambio foi enorme porque eu lembro que en primeiro non había nin a metade de xente que había [...] Cando eu estaba en cuarto, eu notaba que a xente viña aquí porque lle gustaba, porque quería ler, porque quería probar cousas novas, porque quería xogar aos xogos. Xa era como un lugar de encontro cun grupo.» (Estudante egresado, educación secundaria)	Pax. 264
	<u>Grazas ao impulso do PLAMBE e da implantación dun modelo de biblioteca creativa que vai máis aló da lectura, as bibliotecas dos centros participantes incorporaron novos recursos, como a radio, o croma ou as impresoras en 3D, e todo iso incidiu na práctica pedagóxica e nas aprendizaxes,</u> como indica a responsable de biblioteca dun centro de educación primaria cando di que «non é o mesmo estar na túa clase que expoñelo logo na biblioteca e a radio, [...] toda a formación que nós recibimos reverte no alumnado, todo ese traballo que estás facendo [de usar a biblioteca e os recursos] inflúe tamén logo no proceso de investigación, non só no produto» (responsable de biblioteca, educación primaria). Unha profesora do mesmo centro apunta o bo resultado na aula do que se practica na biblioteca xa que «véndoos, observándoos como xogan con cousas na biblioteca, logo ti pódelo empregar na aula, porque son como centros de interese, que ti vas vendo nos nenos e logo pódelo levar á túa clase» (profesora, educación primaria).	Pax. 264
O traballo en equipo	A biblioteca considérase como o factor principal para favorecer o traballo colaborativo entre os membros da comunidade educativa, esencialmente o profesorado e os claustros. Segundo as observacións dos entrevistadores, os equipos son, en moitos casos, a clave da transformación: traballan en diálogo constante, comparten ideas e inquietudes e colaboran a todos os niveis. A este bo quefacer dos equipos de biblioteca súmase o apoio por parte dos equipos directivos que respectan as decisións e impulsan as innovacións.	Pax. 265
Un modelo de biblioteca en	A biblioteca transfórmase, amplía e modifica o seu concepto para adaptarse ás novas necesidades e converterse na columna vertebral do colexio, como formula unha	Pax. 266

<i>transformación</i>	familia de educación primaria que cre que «a biblioteca se converte na columna vertebral do cole. Porque todo o que non pasa na aula, pasa aquí e cada vez pasan moitas máis cousas aquí. Cada vez que [o fillo] vén con algo de novidade, que lle interesa moito contar, dis, “pero que foi iso?” “vale, pois veu non sei quen á biblioteca e contounos iso”, ou, “estabamos na biblioteca na hora de lectura e pasou isto”... Ao final como que este espazo se convertiu case non centro» (familia, educación primaria).	
PERCEPCIÓNS ARREDOR DO PRESENTE E O FUTURO DO MODELO DE BIBLIOTECA	<i>Así, na entrevista a unha alumna egresada dun instituto de educación secundaria xorde unha definición expresiva da multiplicidade da biblioteca, exposta como verbos ou accións adheridos á palabra biblioteca: expresarte-biblioteca, ler-biblioteca, escribir-biblioteca, falar-biblioteca e descansar-biblioteca.</i> «Eu creo que neste instituto o concepto de biblioteca, claramente vai moitísimo máis lonxe dun lugar para ler ou un lugar para coller un libro. Entón, realmente é que ti, necesitas expresarte-biblioteca, ler-biblioteca, escribir-biblioteca, falar-biblioteca e descansar-biblioteca, estar só, estar acompañado, pedir axuda, buscar no ordenador... O das tecnoloxías tamén, que non falamos diso. A verdade é que tamén xenial porque é que para buscar información está xenial. É que realmente... Non é unha indicación para min –se queres ir por un libro, está a biblioteca por alí-. Non, non. É que, se queres facer moitísimas máis cousas, tamén podes ir á biblioteca.» (Alumna egresada, instituto de educación secundaria)	<i>Pax. 270</i>
Visións do futuro da BE	<i>Un primeiro conxunto de testemuños destaca a visión de futuro da biblioteca como espazo de acceso ao coñecemento e chama a atención sobre a dimensión social, interactiva: «lugar para compartir, poñer en común, centro de relacións».</i> «Eu vexo a biblioteca de futuro como un centro de recursos, un centro onde compartir, un centro onde poñer en común, un centro onde acceder ao coñecemento, non centro de coñecemento, senón, como recurso para acceder ao coñecemento, pero non só como iso, senón tamén en non persoal, no fomento das relacións, como un centro de relacións...» (Responsable de biblioteca, educación primaria) As familias concordan coa idea de que o espazo da biblioteca é importante como «punto de encontro no cole [...]. Ese lugar de encontro ten que ser a biblioteca». <i>Pola súa banda, nun grupo focal de profesorado falouse nesta mesma dirección, destacando a idea de espazo integrado e aberto: «Eu creo que van ser espazos abertos, moito máis dinámicos, [...] seguirá tal cal, pero si, como un espazo integrado e aberto para compartir saberes».</i>	<i>Pax. 275-278</i>

	Nese futuro imaxinado, o espazo da biblioteca tería que apoiar os cambios por vir. En opinión da responsable da biblioteca dun colexio de educación primaria: «quero pensar que a escola do futuro serán laboratorios de aprendizaxe... entón, nese sentido, a biblioteca escolar ten que ofrecer os espazos... os espazos para poder facer isto...». Unha estudante egresada, coa que se mantivo unha entrevista moi completa ao redor do presente e o futuro da biblioteca, transmite a satisfacción coa modernización que se levou a cabo nos últimos anos e imaxina que este novo espazo, «por moito tempo, será a biblioteca do futuro».	
A ESTANCIA NAS BIBLIOTECAS: O VALOR DE VISIBILIZAR E COMPARTIR O CONTEXTO	As prácticas vivenciadas evidencian procesos de mellora e innovación que están a ocorrer desde e nas bibliotecas escolares destes centros, así como a satisfacción da comunidade educativa e o impacto social das accións desenvolvidas. As bibliotecas escolares implican a toda a comunidade educativa, caracterízanse por equipos colaboradores, facilitadores, implicados, comprometidos, organizados e coordinados, onde caben todas: alumnado, profesorado, comunidade educativa (familias, persoal de conserxería etc.). O PLAMBE representa a incorporación destas transformacións que se demandan (competencias, inclusión, encontros, comunidades de intereses dentro e fóra da escola, novas linguaxes etc.). Dalgún modo, as experiencias das bibliotecas escolares responden a todo isto, ás transformacións da educación. Procura de camiños para reinventarse, creación de espazos para dar resposta ás necesidades e demandas, colaboración e participación para incluír a todas. <u>A biblioteca escolar, no marco do PLAMBE, parece erixirse como un espazo (en sentido amplo) para conxugar estas transformacións e desenvolver as alfabetizacións múltiples.</u>	Pax. 282
Consideracións finais do grupo de entrevistadores	Aínda que, observar, analizar, recoller, visibilizar e compartir boas prácticas é fundamental, pois para os primeiros establécense como modelos e para a segunda serve de referente para o desenvolvemento de políticas educativas; para que estas boas prácticas poidan transferirse a outros contextos parece fundamental o acompañamento. Nutrir a rede existente, na que se evidencia unha relación estreita coa Asesoría, e ir xerando un banco de boas prácticas nas que poidan irse integrando outros centros desde eles mesmos, nunha relación experto-experto. Unha persoa dun centro experta en bibliotecas escolares e outra, doutro centro, experta no seu contexto, que poidan reflexionar, compartir e responder a «como facemos isto?». Non necesitamos grandes expertos de fóra, senón que contamos con fantásticas expertas nos centros, que desde dentro poden contribuír a que se produzan mellores cambios e melloras. Necesitamos para iso	Pax. 283

	liberación horaria, que as expertas de dentro poidan ir a outros centros e que veñan as persoas doutros centros compartir, enriquecerse mutuamente. Vernos, compartir en contexto, aprender das compañeiras na acción, reflexionar conxuntamente. Unhas estancias pedagóxicas, ao estilo do vivenciado por nós, que permita momentos de intercambio reais, xerme de aprendizaxe e oportunidade de transformación.	
RETOS DE FUTURO	Neste capítulo final interesa destacar tres trazos fundamentais do marco de implantación polas súas implicacións para o futuro. <u>En primeiro lugar</u>, o esquema xeral de implantación, que denominamos dual, inclúe accións intensivas nun grupo de centros (centros PLAMBE) e extensivas en todos os centros educativos de Galicia. Un modelo destas características permitiu obter resultados positivos na xeneralidade de centros galegos (por exemplo, na diversificación das prácticas de lectura ou nas metodoloxías de proxectos), xunto con transformacións máis profundas nun subconxunto de centros que, pola súa vez, permiten probar e avaliar avances antes da súa xeneralización (por exemplo, na arquitectura dos espazos, na integración de artefactos dixitais, na incorporación do espazo creativo ou da radio). <u>En segundo termo</u>, a atención aos centros PLAMBE seguiu un esquema incremental que implica que as accións intensivas nestes centros non se formulan como proxectos piloto por un ou dous anos, o que debilitaría notablemente a perdurabilidade de resultados, senón como programas sostidos no tempo que permiten consolidar e avanzar progresivamente nas transformacións. <u>En terceiro lugar</u> o modelo de implantación baséase nun esquema compartido para todos os niveis educativos e tipos de centro (infantil, primaria, secundaria, colexios rurais agrupados, colexios públicos integrados...), o que xerou un espazo común de interaccións e experiencias que se desvelou clave. O feito de que as persoas involucradas no proxecto compartan un marco conceptual e metodolóxico semellante supón unha vantaxe na creación dunha comunidade de práctica enriquecida pola diversidade de concrecións e contextos. Non é frecuente, nos programas educativos, lograr a interacción creativa entre, por exemplo, centros de educación primaria e de secundaria, ou entre profesorado de áreas distintas, como ciencias, música e matemáticas, o que foi un logro relevante do Programa de bibliotecas escolares, que se deberá proxectar cara aos próximos anos.	Pax. 286-287
A ter en conta	Nas respostas dos estudantes aparecen diferenzas destacables entre educación primaria e educación secundaria: en todos os usos analizados (lectura literaria; estudo,	Pax. 287

	investigación e coñecemento; creación e exploración; encontro, desconexión e xogo) os alumnos e as alumnas de educación primaria din que van con máis frecuencia á biblioteca. Na análise comparada dos datos obtidos en Galicia coas medias obtidas en 2011 en España (Miret, Baró, Mañá e Velloso, 2011), é moi destacable o feito de que todas as dinámicas consideradas presentan un crecemento moi significativo en Galicia; medran máis en secundaria ca en primaria, pero comparativamente seguen tendo máis presenza en primaria ca en secundaria. <u>Estas tendencias e diferenzas suxiren, pola súa vez, criterios de actuación para o futuro.</u>	
	Algunhas características relevantes da configuración da rede merecen que se teñan en conta na discusión sobre a súa sustentabilidade no futuro: en primeiro termo, <u>a asimetría que se debuxa pola pertenza ou non ao PLAMBE</u> e, pola súa vez, pola participación nunhas ou noutras iniciativas en función das prioridades e da situación de cada escola; en segundo lugar, <u>a centralidade do nó que constitúe a Asesoría, onde se toman as decisións de deseño, dinamización e seguimento do Programa;</u> en terceiro termo, <u>os tipos particulares de relación que se establecen entre os centros en función da súa vinculación a un territorio (microrredes territoriais), a un tema de interese (por exemplo, ciencia ou artes na biblioteca) ou a un programa específico (como son Hora de ler, Voluntariado, Radio...).</u> Cada unha destas situacións xera oportunidades de reflexión colectiva e colaboración práctica. A configuración asimétrica (como trazo positivo) desta rede e a complexa estrutura de relacións que se debuxa constitúen o núcleo para deseñar as actuacións futuras do Programa de bibliotecas escolares en Galicia.	Pax. 288
A sostenibilidade como proxecto de futuro	Aínda que a rede ten unha cobertura destacable (o PLAMBE integra o 83 % dos colexios de educación primaria e o 75 % dos institutos de educación secundaria públicos), o seu crecemento debería basearse nun modelo de implantación semellante ao que se seguiu ata agora: implantación dual. e implantación incremental (é dicir, mediante un apoio mantido no tempo por medio de recursos económicos, operativos e pedagóxicos). <u>Ambas as formas de articular as políticas deron resultados positivos na configuración da rede, e a súa continuidade permitiría estender e profundar nos logros.</u>	Pax. 289
Estímulos para incorporación e/ou continuidade na rede	Probablemente sería un incentivo dispoñer dun apoio extra, moi próximo aos procesos e necesidades da escola concreta, que poida acompañar estreitamente un plan de traballo de transformación da biblioteca baseado nas súas preguntas. Obviamente, estes apoios estarían vinculados ás ligazóns territoriais, que poderían reforzarse mediante accións en presenza e en liña. Entre outras fórmulas, podería	Pax. 289

	pensarse en sumar a persoas veteranas no proxecto cun coñecemento profundo dos procesos de transformación. Pensar iniciativas que alenten un espazo colaborativo e de formación para estes equipos podería ser unha liña produtiva de traballo futuro.	
Asentamento do modelo común de implantación para todos os centros educativos. Ensino Secundario	Explorar formas que profunden e axuden a formalizar a xeración de coñecemento compartido, baseadas en redes e plataformas de cocreación, poderían favorecer este obxectivo. Poden adoptar formatos moi diversos (videoblog etiquetado, de modo que se poida circular polos temas e subtemas en xogo; ferramentas de blog con enfoque social...). Analizar en detalle estas necesidades permitiría impulsar procesos adaptados que liquidasen varias das dificultades que atopan especificamente estes centros, por bagaxe e diversidade dos equipos, por tamaño e cuestións organizativas derivadas, por necesidades curriculares etc.	Pax. 290
Fortaleza dos itinerarios formativos	Quizais, para o futuro, <u>poida pensarse nun reequilibrio da formación arredor das novas lecturas e os efectos na construción dunha sociedade de lectores autónomos e críticos.</u> Por outra banda, ao xogar con estes catro elementos poderíanse ofrecer rutas de formación diversificadas en función de intereses e proxectos diferentes. O deseño dos itinerarios a catro anos parece acertado e sería de moito interese incentivar o seguimento continuado durante ese tempo. O estímulo máis claro para incrementar o compromiso sería a bonificación nos certificados cando existe unha implicación durante catro anos.	Pax. 290
A rede como activo	A Rede de bibliotecas escolares é, sobre todo, un espazo de coñecemento compartido susceptible de ser explorado de maneiras diversas. Nela participan numerosas persoas veteranas no proxecto, arredor das que se podería configurar un programa de tutoría entre pares como proxecto de formación.	Pax. 290
Formación centrada na análise de casos en profundidade...	Como exemplo, profundar sobre as formas de traballo escolar cos medios dixitais nas bibliotecas, pensándoos como recursos para o estudo e o desenvolvemento de habilidades críticas de investigación, o que requiriría discutir criticamente en profundidade as posibilidades e os límites das plataformas dixitais en función das operacións de coñecemento que promoven. Probablemente na profundización dos contidos poida residir boa parte dos avances futuros na rede. Contar con propostas de formación que integren a complexidade como desafío a partir das preguntas dos centros pode ser un camiño para afrontar en profundidade os retos cos que nos	Pax. 291

	confronta o novo modelo de biblioteca.	
O factor humano	Un dos factores que se desvelou fundamental na investigación foron os equipos humanos sobre os que descansa o proxecto da biblioteca, a súa formación, implicación e compromiso. <i>Como se indicou, a existencia de equipos arredor da biblioteca supón unha vantaxe para os proxectos, pero esixe un esforzo adicional e ás veces complexo de coordinación. A existencia destes equipos e a existencia mesma da biblioteca escolar <u>debe estar apoiada na garantía ineludible dunhas condicións profesionais para a persoa responsable que os estudos internacionais sinalan como imprescindibles: perfil, funcións, posto, dedicación e formación.</u></i>	Pax. 291
Sobre alianzas e vínculos	<u>Reforzar e ampliar os seus vínculos con outras redes colaborativas arredor de intereses compartidos pode fortalecer e visibilizar os seus logros: vínculos co tecido cultural, científico e tecnolóxico; vínculos co tecido social e cívico.</u> A concepción da biblioteca como comunidade de intereses aberta cara a mundos moi diversos achega numerosas posibilidades de colaboración e creación cooperativa.	Pax. 292
A LECTURA COMO DEREITO	<u>Os retos da formación de lectores críticos como un modo de construír cidadanía deben ser unha prioridade política de primeira orde. Recoñecer o papel da lectura como unha das portas de inclusión á vida social e cultural á que todas as persoas deben acceder como un dereito democrático compromete ineludiblemente os gobernos no seu compromiso político presente e futuro.</u> <i>A construción dunha resposta política a este gran desafío pasa pola colaboración ampla, o diálogo transversal e o compromiso firme cun proxecto duradeiro.</i>	Pax. 292

Índice de contidos:

Antecedentes e xustificación.....	2
Plan LÍA 2021/2025 de Bibliotecas Escolares.....	8
Obxectivos xerais.....	8
O SETESTRELO: sete puntos estelares.....	9
Liñas de acción e medidas concretas.....	13
1 Rede de Bibliotecas Escolares de Galicia (BEGA).....	13
2 Biblioteca social.....	17
3 Redes de acción, colaboración, avaliación e comunicación.....	19
4 Bibliotecas creativas LIA.3.....	22
5 Lectura.....	23
6 ALFIN/AMI.....	27
7 Formación e contribución á innovación educativa.....	39
8 Avaliación do Plan LIA 2021/2025.....	31
9 Memoria económica/Previsión orzamentaria.....	35
Bibliografía/recursos web.....	36
Anexo I.....	39